

## INFORME DE INTERVENCIÓN

### Liquidación do orzamento de 2017

#### 1. NORMATIVA APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL)
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LOEOSF)
- Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira
- Real Decreto-lei 8/2010, do 20 de maio, de medidas extraordinarias para a redución do déficit público
- Real Decreto-lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público
- Real Decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, da aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia
- Lei 17/2012, do 27 de decembro, dos orzamentos xerais do Estado para 2013
- Lei 3/2017, do 27 de xuño, dos orzamentos xerais do Estado para 2017
- Lei 6/2018, do 3 de xullo, dos orzamentos xerais do Estado para 2018
- Real Decreto-ley 1/2018, do 23 de marzo, polo que se prorroga para 2018 o destino do superávit das Corporacións Locais para investimentos financeiramente sostibles e se modifica o seu ámbito obxectivo
- Resolución do 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das Comunidades Autónomas e Entidades Locais
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril (RO)
- Bases de Execución

#### 2. ANTECEDENTES E CONTEXTO ECONÓMICO

As notas características, desde o punto de vista económico e orzamentario, do ano 2017 son as seguintes:

##### 1) Plans aos que está suxeito o Concello de Rianxo

Durante o exercicio 2017 segue en vigor o Plan de Axuste 2012-22, aprobado por acordo plenario do 30/03/2012 e informado favorablemente polo Ministerio de Facenda o 30/04/2016. Se ben no 2015 non se levou a cabo o refinanciamento da operación de préstamo máis pequena co Fondo de

Financiamento do Pago a Provedores (FFPP), no 2016 cancelarase, de modo que o concello xa non terá débedas co dito organismo.

En relación ao Plan de Saneamento-Financeiro 2015-18, dado que no primeiro ano de vixencia xa se cumpriron os obxectivos do plan, este quedou sen efecto e sen vixencia, tal e como se indicou na súa aprobación: “no primeiro exercicio da vixencia do PSF no que se constate que o aforro neto é positivo, consideraranse cumpridos os obxectivos deste plan, que quedará automaticamente extinguido sen necesidade dun acordo plenario, bastando para elo a dación de conta do informe da Intervención no que se acredite o signo positivo do aforro neto.

Non obstante, en aplicación do criterio manifesto polo Ministerio de Facenda, hai que levar a cabo o seguimento do cumprimento do PSF durante a súa vixencia inicial, é dicir, ata o ano 2018.

## 2) Características do orzamento de 2017

Durante o exercicio 2017 deuse a circunstancia da prórroga orzamentaria das contas do 2016. O orzamento prorrogado resultante conta cun superávit de 433.765,22 € motivado polos axustes nos créditos iniciais que establece a normativa orzamentaria para os supostos de prórroga. A existencia deste superávit favorece a existencia dun resultado orzamentario positivo, xa que, no caso hipotético caso de que as previsións de ingresos e gastos se executasen integramente, o resultado sería de superávit polo importe indicado. Non obstante, é un aspecto fundamental que as previsións de ingresos sexan axeitadas ás circunstancias do ano 2017, xa que, no caso de que estivesen sobrevaloradas restarían o efecto positivo do superávit inicial.

Outro dos elementos que van a ter unha influencia importante na execución do orzamento de gastos de 2017 é o feito de que no ano precedente deuse unha baixa execución dos gastos, quedando pendente de aplicación un montante económico considerable rexistrado nas contas (4130) e (4133), que deberá imputarse no exercicio 2016. Lémbrese o que se indicou no informe de Intervención á liquidación dese exercicio:

*“En relación aos gastos, quero destacar o baixo estado de execución dos gastos, especialmente no capítulo 2, o máis vinculado á tramitación de facturas, o que dará lugar a un importante aforro orzamentario. O motivo foi a situación de ausencia de persoal no Departamento de Intervención que xa se puxo de manifesto en diferentes informes e que motiva fundamentalmente o atraso na elaboración da liquidación e a conta xeral. Pola contra, o importe das obrigas pendentes de aplicación no orzamento pasaron dun importe total de 145.407,78 € a 31/12/2016 a outro de 917.440,52 €, fundamentalmente, debido á imposibilidade material de tramitar as facturas coa axilidade requirida en todas as súas fases, desde o seu rexistro e imputación orzamentaria ata o seu pagamento. O aforro, polo tanto, a nivel orzamentario verase compensado, en termos económicos, polo gasto contemplado nas contas non orzamentarias (4130) e (4133) e que quedou a 31/12/2016 pendente de aplicación orzamentaria”.*

Os recursos utilizando para financiar eses gastos foron unha subvención específica do POS+2017 e o remanente de tesourería para gastos xerais en aplicación do superávit orzamentario. Estas fontes de financiamento permitiron a dotación de crédito suficiente para a tramitación dos recoñecementos extraxudiciais correspondentes, permitindo que os créditos iniciais do orzamento prorrogado se destinasen a gastos do exercicio corrente. Non obstante, hai que ter en conta que a entrada en vigor do crédito extraordinario 1/2017 destinado á aplicación do superávit orzamentario tivo lugar no cuarto trimestre do exercicio, o que retardou a reposición do crédito executado pola aprobación dos recoñecementos extraxudiciais e deu lugar a un período de insuficiencia orzamentaria nas diferentes áreas de gasto

En canto ás estimacións do cumprimento ou non dos obxectivos de estabilidade e da regra de gasto, na remisión da información orzamentaria do cuarto trimestre do 2017 estimouse o seu cumprimento, condicionado ao carácter provisional dos datos contables por non estar pechada a contabilidade.

### 3) Prazo para a elaboración da liquidación

Hai que destacar a importante tardanza na elaboración da liquidación motivada por sucesivas circunstancias de acumulación de tarefas, nas que non se acadou aínda unha situación de normalidade. Esta tardanza non só ten consecuencias a nivel interno (demora no coñecemento na situación orzamentaria da entidade, na aplicación do superávit orzamentario) senón que tamén pode ter consecuencias por parte do órgano de tutela financeira ou o Ministerio de Facenda coa retención da participación nos tributos do Estado. Urxe que haxa unha prioridade na elaboración da Conta Xeral do exercicio 2017.

## 3. INFORME

### 3.1 CONTIDO DA LIQUIDACIÓN

O TRLFL e o RO establecen que o peche e liquidación dos orzamentos da entidade local efectuarase, en canto á recadación de dereitos e pagamento de obrigas, o 31 de decembro do ano natural.

Así mesmo, a liquidación do orzamento porá de manifesto:

1. Respecto do **orzamento de gastos**, e para cada aplicación orzamentaria, os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos, os gastos autorizados e comprometidos, as obrigas recoñecidas, os pagos ordenandos e os pagos realizados.

2. Respecto do **orzamento de ingresos** e para cada concepto, as previsión iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas dos dereitos recoñecidos e anulados, así como os recadados netos.

### 3.2 ANÁLISE DAS MAGNITUDES ECONÓMICAS E ORZAMENTARIAS

#### 3.2.1 Grao de execución do orzamento

##### 3.2.1.1 En termos brutos

O cálculo das porcentaxes de execución globais do estado de gastos e do estado de ingresos xa avanzan como será a evolución das restantes magnitudes orzamentarias:

PI	6.773.708,99
PD	10.889.059,11
DRN	8.242.414,55
%DRN/PD	75,69%

<b>CI</b>	6.339.943,77
<b>CD</b>	10.455.293,89
<b>ORN</b>	8.102.545,75
<b>%ORN/CD</b>	77,50%

As anteriores porcentaxes amosan unha execución de ingresos lixeiramente máis baixa ca dos gastos, o que podería levarnos a concluír na existencia dun déficit no orzamento. Non obstante, isto non é así por dous motivos:

- A existencia dun superávit nas previsións definitivas do orzamento por importe de 433.765,22 €.

Esta contía compensa este desequilibrio no grao de execución, de modo que a diferenza dos dereitos recoñecidos netos (8.242.414,55 €) e as obrigas recoñecidas (8.102.545,75 €) é de 139.868,80 € (signo positivo).

- O elevado importe de gastos financiados con remanente de tesourería para gastos xerais

Hai que lembrar que no exercicio 2016 facíase referencia a unha situación de “anormalidade” na execución do orzamento, debido á baixa execución do estado de gastos. Isto debeuse ás circunstancias indicadas no punto 2.2 dos antecedentes. Esta circunstancia motivou no 2017 a aplicación ao orzamento de todos eses gastos pendentes financiándose como xa se indicou, en gran parte, con remanente de tesourería para gastos xerais, en aplicación da DA 6ª da Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. Esta aplicación fíxose a través do crédito extraordinario 1/2017 que ascendeu a 807.609,64 €. Destes créditos extraordinarios, chegaron a fase de obriga recoñecida unha contía de 796.421,35 € (véxase o detalle no anexo I).

Outras modificacións orzamentarias financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais foron o crédito extraordinario 2/2017 e o suplemento de crédito 1/2017 e todas elas esgotaron o importe do remanente de tesourería para gastos xerais, de 1.080.523,70 €.

O remanente de tesourería é unha magnitude, fundamentalmente orzamentaria, que representa a acumulación dos resultados orzamentarios do exercicio corrente e dos exercicios anteriores. Serve, ademais, de fonte de financiamento para certas modificacións de crédito, como os créditos extraordinarios, os suplementos de crédito e as incorporacións de remanentes de crédito. A pesar de que se contabilizan como previsións de ingreso, dado que non supoñen un aumento na tesourería municipal, teñen unha peculiaridade e é que son o único ingreso orzamentario que non pode xerar dereitos recoñecidos. Ilo supón que o concepto económico do remanente de tesourería aparece nas previsións definitivas pero os seus dereitos recoñecidos son cero. A consecuencia inmediata é que no orzamento aparece un déficit cando os gastos que financia este remanente de tesourería chegan a fase de obriga recoñecida e se reduce o grao de execución do estado de ingresos. Este resultado debe axustarse para ter unha visión non distorsionada da execución do orzamento, o que ocorre en magnitudes como o resultado orzamentario ou o aforro neto.

Agora, ao comparar o grao de execución dos estados de ingresos e gastos hai que ter en conta esta circunstancia, tendo en conta que as obrigas financiadas co remanente de tesourería para gastos xerais ascende a 1.068.178,32 € (véxase o detalle nos anexos 1, 2 e 3 deste informe). Para eliminar esta distorsión, procederase á deducir das obrigas recoñecidas totais aquelas que se financiaron con remanente de tesourería para gastos xerais, Así, o resultado é o seguinte:

CI	6.339.943,77
CD	10.455.293,89
ORN	8.102.545,75
ORN financiadas con Rtgx	1.068.178,32
ORN axustadas (ORN-ORN fin Rtgx)	7.034.367,43
%ORN axustadas/CD	67,28%

Con este axuste, o grao de execución do estado de gastos redúcese ata o 67,28% e reflíctese unha situación de superávit no orzamento.

No caso do estado de ingresos tamén dáse unha redución no grao de execución con respecto de 2016 (75,69% fronte a 80,16%) que, á súa vez, xa experimentara unha minoración con respecto do 2015 (89,31%). Isto revela que en 2016 e 2017 empeorou o cumprimento das previsións dos ingresos. Debido á importancia da aplicación do principio de prudencia na elaboración do estado de ingresos para evitar desequilibrios orzamentarios, paso a analizar o comportamento dos distintos capítulos.

É especialmente relevante deterse nos capítulos dos recursos propios do concello e os non afectados por varios motivos:

- Os gastos con financiamento afectado e os ingresos específicos correspondentes poden executarse con ritmos diferentes, pero os seus efectos compensaranse co remate da súa execución e, dentro do exercicio, a través das desviacións de financiamento. Os desequilibrios orzamentarios que poidan producirse, salvo perda de subvención, unicamente terán un efecto temporal. Isto é así porque o artigo 173.6 do TRLFL impide a execución de gastos con financiamento afectado sen non existe un compromiso de achega ou non existe a autorización preceptiva para o endebedamento, cando esta se necesite.
- Os recursos propios do concello reflicten a autonomía fiscal da entidade para acometer maiores gastos, e son nos que o concello pode incidir mediante as ordenanzas fiscais ou nos acordos dos prezos públicos para afectar á recadación.

Hai que ter en conta a situación de prórroga orzamentaria, xa que as previsións de ingresos proceden do orzamento de 2016.

### Execución dos ingresos

Cap	Descrición	PD	DRN	Variación	Variación (%)
1	Impostos directos	2.368.288,16	2.187.234,84	-181.053,32	-7,64%
2	Impostos indirectos	15.507,48	30.269,26	14.761,78	95,19%
3	Taxas e outros ingresos	1.491.700,69	1.295.508,01	-196.192,68	-13,15%
4	Transferencias e subvencións correntes	3.576.413,56	3.710.951,43	134.537,87	3,76%
5	Ingresos patrimoniais	300,00	1.038,93	738,93	246,31%
6	Alleamentos de investimentos	0,00	0,00	0,00	
7	Subvencións e transferencias de capital	1.384.022,10	790.689,49	-593.332,61	-42,87%

8	Activos financeiros	1.260.211,91	120,78	-1.260.091,13	-99,99%
9	Pasivos financeiros	792.615,21	226.606,81	-566.008,40	-71,41%
<b>Total</b>		<b>10.889.059,11</b>	<b>8.242.419,55</b>	<b>-2.646.639,56</b>	<b>-24,31%</b>

O grao de execución dos ingresos nos capítulos 1 e 3 arroxa unhas baixas execucións en termos absolutos que son relevantes (-181.053,32 € e -196.192,68 €, respectivamente), o que obriga a reflexionar sobre as hipóteses nas que se basearon as estimacións do orzamento de orixe, de 2016.

En 2016 tamén houbo unha baixa execución nestes capítulos de ingresos, como se amosa no cadro seguinte. Ademais eses datos empeoraron con respecto do exercicio 2015.

Cap	Descrición	Variación no grao de execución do estado de ingresos		
		Variación 2015 (%)	Variación 2016 (%)	Variación 2017 (%)
1	Impostos directos	0,72%	-7,62%	-7,64%
2	Impostos indirectos	-139,77%	187,75%	95,19%
3	Taxas e outros ingresos	-7,60%	-16,23%	-13,15%
4	Transferencias e subvencións correntes	-2,57%	-3,83%	3,76%
5	Ingresos patrimoniais	-58,59%	100,69%	246,31%
6	Alleamentos de investimentos			
7	Subvencións e transferencias de capital	-36,63%	-59,38%	-42,87%
8	Activos financeiros	-99,66%	-99,64%	-99,99%
9	Pasivos financeiros	-69,61%	-66,48%	-71,41%

- Capítulo 1 Impostos directos

Como se extrae da táboa seguinte, todos os conceptos de ingresos deste capítulo salvo o IBI BICES liquidáronse por debaixo das previsións, que son as mesmas que no exercicio 2016. O importe é especialmente relevante no caso do IBI urbana:

Concepto	Descrición	Previsións iniciais	Previsións definitivas (PD)	Dereitos recoñecidos netos (DRN)	DRN-PD
11200	I.B.I. Rústica	300.000,00	300.000,00	294.974,18	-5.025,82
11300	I.B.I. Urbana	1.406.858,00	1.406.858,00	1.241.245,38	-165.612,62
11400	I.B.I. características especiais	9.983,67	9.983,67	9.983,67	0,00
11500	I.V.T.M.	559.146,49	559.146,49	554.764,30	-4.382,19
11600	I.I.V.T.N.U.(Plusvalía)	28.000,00	28.000,00	25.023,54	-2.976,46
13000	I.A.E.	64.300,00	64.300,00	61.243,77	-3.056,23
		<b>2.368.288,16</b>	<b>2.368.288,16</b>	<b>2.187.234,84</b>	<b>-181.053,32</b>

No informe da liquidación do orzamento de 2016 indicábase que as previsións do IBI tiñan un fundamento obxectivo no informe-económico do orzamento, que baseaba a estimación no aumento da base liquidable derivada da Ponencia de valores de 2012 e na redución do tipo de gravame. No 2017 a previsión de recadación do IBI foi dun incremento da recadación dun 2 por cento, cando se modificou o tipo de gravame, pero non foi suficiente para acadar as previsións de ingresos prorrogadas.

- Capítulo 3 Taxas e outros ingresos

A orixe do incumprimento das previsións está nas taxas relativas aos servizos públicos básicos, concretamente na taxa de recollida de lixo, xa que no caso das taxas vinculadas aos servizos de abastecemento de augas e de saneamento, a súa menor execución compénsase cunha menor execución no estado de gastos:

Económico	Descrición	PD (previsións definitivas)	DRN (dereitos recoñecidos netos)	PD-DRN	Variación DRN/PD
30*	Servizos públicos básicos	1.207.033,77	955.101,23	251.932,54	-20,87%
31*	Servizos públicos sociais e preferentes	0,00	950,13	-950,13	
32*	Actividades de competencia local	10.400,00	22.966,32	-12.566,32	120,83%
33*	Ocupación dominio pº local	164.890,18	161.331,47	3.558,71	-2,16%
<b>Total</b>		<b>1.382.323,95</b>	<b>1.140.349,15</b>	<b>241.974,80</b>	<b>-17,50%</b>

No exercicio 2016 tamén foi a taxa de recollida do lixo a principal responsable do incumprimento das previsións de ingresos, como consecuencia da estimación das liquidacións extraordinarias derivadas do procedemento proxectado de comprobación limitada:

*“No caso do capítulo 3, o saldo deficitario ascendeu a 242.011,14 €, dos que 193.592,77 € correspóndense coa taxa de lixo. Aquí hai que retrotraerse ao informe económico-financieiro do orzamento de 2016, que prevía unhas liquidacións extraordinarias para ese exercicio: (...)*

*O incremento estimado das liquidacións extraordinarias cuantificouse en 202.305,60 €, pero ao non levarse a cabo, supuxeron un desequilibrio orzamentario nese concepto de ingreso, o que contribuíu nun 80,14% ao non cumprimento das previsións no capítulo 3 de ingresos.”*

No 2017 si se levou a cabo o dito procedemento, pero non se acadaron as previsións realizadas no exercicio 2016.

Concepto	Descrición	PD (previsións definitivas)	DRN (dereitos recoñecidos netos)	PD-DRN	Variación DRN/PD
30200	Servizo de recollida de RSU	720.205,83	597.989,76	122.216,07	-16,97%

### Execución dos gastos

A execución dos gastos foi máis elevada no exercicio 2017 ca no 2016, ano no que se deu a antedita “anormalidade” na tramitación das facturas.

Cap	Descrición	CD	ORN	Variación	Variación (%)
1	Gastos de persoal	2.711.918,62	2.570.129,84	-141.788,78	-5,23%
2	Gastos en bens correntes e servizos	4.320.097,70	3.692.930,76	-627.166,94	-14,52%
3	Gastos financeiros	15.000,00	9.455,85	-5.544,15	-36,96%
4	Transferencias e subvencións correntes	200.614,20	135.107,16	-65.507,04	-32,65%

6	Investimentos reais	2.710.218,04	1.287.833,46	-1.422.384,58	
7	Transferencias e subvencións de capital	61.018,29	0,00	-61.018,29	-100,00%
8	Activos financeiros	2.000,00	0,00	-2.000,00	-100,00%
9	Pasivos financeiros	434.427,04	407.088,68	-27.338,36	-6,29%
<b>Total</b>		<b>10.455.293,89</b>	<b>8.102.545,75</b>	<b>-2.352.748,14</b>	<b>-22,50%</b>

Os remanentes de crédito con maior valor absoluto son os dos capítulos 6 e 2 de gasto, pero como se indica nos sucesivos informes de Intervención nas liquidacións, a execución dos gastos de capital son sempre máis lentas polas propias características das actuacións. O feito de que unha elevada porcentaxe destes gastos teña financiamento afectado, permite que se executen nos exercicios seguintes, na medida en que teñan eses recursos específicos, mediante a incorporación de remanentes.

### Gastos non aplicados ao orzamento

Non obstante, os gastos de execución de gastos reflectidos ata o de agora unicamente inclúen os de carácter orzamentario, polo que aqueles que figuran na conta (413) *Obrigas pendentes de aplicar ao orzamento*, de carácter non orzamentario en tanto non se produza a súa imputación ao orzamento, non se teñen en conta nin no grao de execución, nin noutras magnitudes como son o resultado orzamentario, o remanente de tesourería ou o aforro neto. Así, o importe desta conta tivo a seguinte evolución nos últimos 5 anos:

Ano	Saldo 413	Variación	Variación %
2013	139.661,72		
2014	308.291,87	168.630,15	120,74%
2015	162.971,33	-145.320,54	-47,14%
2016	917.440,52	754.469,19	462,29%
2018	324.588,83	-892.851,69	-64,62%

Aínda que a cifra mellorou con respecto do ano precedente, exceptuando o exercicio 2016, o importe é o máis elevado no último quinquenio.

Si se tivesen en conta o incremento neto dos gastos rexistrados na conta (413) *Gastos pendentes de aplicación*, teríamos un grao de execución superior no estado de gastos, reducindo o superávit orzamentario:

Do total do saldo da conta (413), que ascende a 324.588,83 €, o importe dos gastos xerados no 2017 e que están pendentes de aplicación, é dicir, **os contabilizados a 31/12/2017**, presentan a seguinte desagregación:

Cap	Descrición	Importe
2	Gastos en bens correntes e servizos	263.080,09
4	Transferencias e subvencións correntes	42.996,60
6	Investimentos reais	18.512,14
<b>Total</b>		<b>324.588,83</b>



De todo o exposto neste apartado resulta que no orzamento de 2017 dáse unha situación de superávit na execución do orzamento.

### 3.2.1.2 En termos netos (desviacións de financiamento)

O principal elemento que pode distorsionar a interpretación da execución orzamentaria é, xunto coas obrigas financiadas con remanente de tesouraría, as desviacións de financiamento; isto é, o diferente ritmo na execución dos ingresos e nos gastos afectados. Este efecto cuantifícase nas desviacións de financiamento, calculadas para cada un dos proxectos de gasto con financiamento afectado que forma parte da conta xeral.

As desviacións do exercicio refírense á execución de ingresos e gastos unicamente do exercicio, sen ter en conta a súa execución en anos anteriores. As desviacións positivas reflicten ingresos realizados no ano corrente, pero para os que neste ano, non se realizou o gasto. Pode ser, ben porque aínda o gasto está sen executar, ben porque se realizou en anos anteriores. Por outra banda, as negativas amosan os gastos afectados realizados no ano corrente sen que o fixera o ingreso. O motivo pode ser porque o ingreso xa se liquidou en anos anteriores ou porque está pendente de executar.

Desviacións do exercicio	2016	2017
<b>Positivas</b>	433.175,94	389.849,83
<b>Negativas</b>	-322.201,06	-352.270,89
<b>Saldo</b>	110.974,88	37.578,94

No exercicio de 2017 hai unha redución das desviacións positivas e un incremento nas negativas, o que supón que o saldo redúcese, reducindo á vez o seu impacto no resultado orzamentario con respecto ao exercicio anterior. Isto dará lugar a unha redución do resultado orzamentario tras os axustes correspondentes, por estas achegas recibidas que non teñen unha contrapartida nas obrigas recoñecidas. O feito de que eses ingresos correspondan a gastos xa realizados supón que non se incremente significativamente o exceso de financiamento afectado (13.706,74 €, como se verá máis adiante). O exceso de financiamento afectado é unha magnitude que cuantifica a liquidez que debe reservarse a gastos futuros afectados.

### 3.2.2 Grao de execución do Plan de Axuste

O 31/01/2018 remitiúselles ao Ministerio de Facenda o informe anual de seguimento do Plan de Axuste en relación á anualidade 2017. Os datos, como se indicou no informe foron de carácter provisional, xa que a contabilidade non estaba pechada. Agora, no informe da liquidación, amósanse as comparativas globais cos datos definitivos:

Concepto	Orzamento (CD)	Plan de Axuste	Liquidación	Variación liquidación/CD (%)	Variación liquidación /Plan de Axuste (%)
Gastos correntes	7.247.630,52	4.893.930,00	6.407.623,61	-11,59%	30,93%
Gastos de capital	2.771.236,33	126.000,00	1.287.833,46	-53,53%	922,09%
Gastos non financeiros	10.018.866,85	5.019.930,00	7.695.457,07	-23,19%	53,30%
Gastos financeiros	436.427,04	185.870,00	407.088,68	-6,72%	119,02%
Gastos totais	10.455.293,89	5.205.800,00	8.102.545,75	-22,50%	55,64%

Concepto	Orzamento (PD)	Plan de Axuste	Liquidación	Variación liquidación/PD (%)	Variación liquidación /Plan de Axuste (%)
Ingresos correntes	7.452.209,89	6.376.380,00	7.225.002,47	-3,05%	13,31%
Ingresos de capital	1.384.022,10	119.700,00	790.689,49	-42,87%	560,56%
Ingresos non financeiros	8.836.231,99	6.496.080,00	8.015.691,96	-9,29%	23,39%
Ingresos financeiros	2.052.827,12	0,00	226.727,59	-88,96%	
Ingresos totais	10.889.059,11	6.496.080,00	8.242.419,55	-24,31%	26,88%

Como xa se indicou anteriormente, un dos datos relevantes a ter en conta é a evolución do saldo das operacións correntes, que tenden a ter unha maior permanencia e fixeza na estrutura do orzamento pois unha porcentaxe moi importante dos gastos de capital ten un financiamento afectado. Neste punto debe destacarse o maior incremento dos gastos correntes con respecto das previsións do Plan de axuste no caso dos gastos (30,93%) fronte aos ingresos correntes (13,31%). Non obstante, como xa se indicou ao falar do grao de execución dos gastos, hai un importe relevante de obrigas recoñecidas que se financiaron con remanente de tesourería para gastos xerais, é dicir, con superávit orzamentario procedente do exercicio corrente e dos exercicios pechados. Para facer unha comparación entre gastos e ingresos correntes, dado que o remanente de tesourería non dá lugar a dereitos recoñecidos é conveniente axustar as obrigas recoñecidas deducíndolles o importe financiado co remanente. Dos anexos 1, 2 e 3 resulta que o importe desas obrigas que se corresponden con gasto corrente ascende a 734.811,62 €.

Concepto	Orzamento (CD)	Plan de Axuste	Liquidación (ORN menos ORTgx)	Variación liquidación/CD (%)	Variación liquidación /Plan de Axuste (%)
Gastos correntes	7.247.630,52	4.893.930,00	5.672.811,99	-21,73%	15,92%

Gastos correntes (obrigas recoñecidas netas): 6.407.623,61 €

Obrigas recoñecidas netas financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais: 734.811,62 €

Obrigas recoñecidas netas ás que se lles deduce as financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais: 5.672.811,99 €

Con este dato axustado das obrigas recoñecidas 5.672.811,99 € resulta que a desviación con respecto da previsión do Plan de Axuste é de 15,92%, un incremento que segue a ser superior á desviación dos ingresos correntes (13,31%). Polo tanto, o importe dos gastos correntes increméntase en maior medida das previsións do Plan de Axuste que os ingresos correntes.

Certo é que para cumprir cos obxectivos do Plan de Axuste é suficiente co cumprimento dos obxectivos: acadar capacidade de financiamento, polo que estas desviacións o que deben é terse en conta para avaliar cal é a tendencia e evolución das diferentes magnitudes económicas e tomar as medidas correspondentes para evitar que prexudiquen a saúde económica do concello.

### 3.2.3 Estrutura do orzamento

#### Estado de gastos

Nos sucesivos informes das liquidacións orzamentarias desde o exercicio 2014 tratouse o tema da estrutura do orzamento de gastos como un aspecto moi relevante debido á evolución que estaba tendo

lugar. Se ben no ano 2014 a carga financeira (capítulos de gasto 3 e 9) representaba un 21,67% do estado de gastos, esta porcentaxe foise reducindo anualmente ata acadar no 2017 un 5,14%.

Pola contra, a importancia relativa dos capítulos 2 e 6 foise incrementando ata acadar no 2017 un peso relativo do 45,58% e 15,89%, respectivamente, do orzamento total. O capítulo 1, de gastos de persoal reduciu a súa representatividade nos gastos dun 33,81% no 2014 ata un 31,72% no 2017. En canto a estes últimos datos, queda ver si este incremento do peso relativo do capítulo 2 e 6 fronte á redución do capítulo 1, mantense estable no tempo ou mantense esta tendencia.

Cap	Descrición	Peso relativo ORN 2014	Peso relativo ORN 2015	Peso relativo ORN 2016	Peso relativo ORN 2017
1	Gastos de persoal	33,81%	35,02%	41,07%	31,72%
2	Gastos en bens correntes e servizos	36,97%	41,80%	40,34%	45,58%
3	Gastos financeiros	3,58%	0,91%	0,22%	0,12%
4	Transferencias e subvencións correntes	2,13%	1,50%	1,96%	1,67%
6	Investimentos reais	5,00%	8,34%	5,46%	15,89%
7	Transferencias e subvencións de capital	0,00%	0,00%	1,10%	0,00%
8	Activos financeiros	0,00%	0,00%	0,01%	0,00%
9	Pasivos financeiros	18,51%	12,42%	9,84%	5,02%
<b>Total</b>		<b>100,00%</b>	<b>100,00%</b>	<b>100,00%</b>	<b>100,00%</b>


Un indicador do maior volume de operacións comerciais (capítulos 2 e 6) e o número e importe das facturas recibidas anualmente, xa que estes valores incrementáronse anualmente.

Ano de recepción da factura	Nº de facturas recibidas	Importe total das facturas
2014	3.520	2.647.967,10
2015	3.561	2.937.757,25
2016	4.059	3.355.264,02
2017	4.422	4.583.372,73

Esta evolución ascendente da facturación, tanto en importes económicos como en número de documentos non foi acompañada dunha evolución regular do período medio de pagamento, moi vinculado a situacións de acumulacións de tarefas e insuficiencia de persoal no Departamento de Intervención, así como á situación de insuficiencia orzamentaria no transcurso do exercicio ata final de ano, cando se solventaba con modificacións orzamentarias, moitas veces de competencia plenaria.

Período	PMP (días)
3T 2014	67,28
4T 2014	76,78
1T 2015	76,10
2T 2015	62,22
3T 2015	60,00
4T 2015	42,82
1T 2016	32,60
2T 2016	30,49

3T 2016	44,17
4T 2016	53,31
1T 2017	64,06
2T 2017	95,23
3T 2017	104,38
4T 2017	73,12



Como se verá máis adiante, a evolución negativa desta magnitude ten como resultado que non se está a cumprir o obxectivo da sostibilidade da débeda comercial.

### Estado de ingresos

No caso dos ingresos o peso relativo dos diferentes capítulos non difire moito do exercicio 2016.

Cap.	Ingresos	Peso relativo DRN 2016	Peso relativo DRN 2017
1	Impostos directos	30,10%	26,54%
2	Impostos indirectos	0,61%	0,37%
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	17,19%	15,72%
4	Transferencias e subvencións correntes	43,35%	45,02%
5	Ingresos patrimoniais	0,01%	0,01%
<b>Operacións correntes</b>		<b>91,26%</b>	<b>87,66%</b>
6	Alleamento de investimentos reais	0,00%	0,00%
7	Transferencias e subvencións de capital	4,70%	9,59%
<b>Operacións de capital</b>		<b>4,70%</b>	<b>9,59%</b>
<b>Operacións non financeiras</b>		<b>95,97%</b>	<b>97,25%</b>

<b>8</b>	Activos financeiros	0,01%	0,00%
<b>9</b>	Pasivos financeiros	4,02%	2,75%
<b>Operacións financeiras</b>		<b>4,03%</b>	<b>2,75%</b>
<b>Total ingresos</b>		<b>100,00%</b>	<b>100,00%</b>

Destes datos resaltaría:

- Redución do peso relativo dos capítulos do 1 ao 3, que conteñen os principais recursos municipais nos que o concello ten autonomía fiscal, en maior ou menor medida: pasa dun 47,90% a un 42,63%.
- Aumento do peso relativo das transferencias e subvencións, tanto correntes como de capital: pasa dun 48,05% a un 54,61%.
- Redución do peso relativo do endebedamento.

Destas conclusións, debo chamar a atención sobre a perda de representatividade dos recursos propios correntes, especialmente, do capítulo 1, pola súa relevancia en montante económico. Non é conveniente que esta evolución se mantéña no tempo pola posible incidencia no aforro neto e na perda de marxe fiscal para posibles novos gastos ou investimentos.

En relación á comparativa da estrutura dos ingresos do Concello de Rianxo cos restantes concellos galegos, destacaríase como diferenza, novamente, o menor peso relativo dos capítulos do 1 ao 3 (impostos, taxas, prezos públicos e outros ingresos) nos que a entidade ten autonomía fiscal: un 56,14% fronte a un 42,63% no caso do Concello de Rianxo. Pola contra, esta diferenza compénsase cunha maior representatividade das transferencias e subvencións, tanto correntes como de capital: un 41,15% fronte a un 54,61%. Remítome ás consideracións xa feitas sobre a importancia de manter unha autonomía fiscal estable e sólida.

Cap	Peso relativo concellos Galicia (%)	Peso relativo Rianxo (%)
1	36,26%	26,54%
2	1,89%	0,37%
3	17,99%	15,72%
4	36,12%	45,02%
5	0,89%	0,01%
6	0,06%	0,00%
7	5,03%	9,59%
8	0,11%	0,00%
9	1,65%	2,75%
<b>Total</b>	<b>100,00%</b>	<b>100,00%</b>

### 3.2.4 Resultado orzamentario

A regulación do cálculo do resultado orzamentario está prevista na regra 79 da ICAL. Así, o seu importe bruto, determínase pola diferenza entre os dereitos recoñecidos netos e as obrigas recoñecidas netas. A finalidade desta magnitude, que ten carácter orzamentario e anual, é ver en que medida os dereitos recoñecidos do exercicio financian as súas obrigas.

O resultado orzamentario así calculado debe axustarse para acadar unha maior imaxe fiel co importe das obrigas recoñecidas netas financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais e coas desviacións de financiamento imputables ao exercicio. Deste xeito, elimínanse todas operacións de dereitos recoñecidos que non financian obrigas do exercicio corrente, senón de pechados ou futuros (desviacións de financiamento dos gastos de financiamento afectado) e as obrigas que non se financian con operacións orzamentarias (as financiadas con remanente de tesouraría).

O exposto ata o de agora adianta, tanto o signo, como a evolución dos compoñentes do resultado orzamentario:

- O resultado orzamentario é positivo: como consecuencia dunha maior execución dos ingresos con respecto dos gastos
- A principal diferenza entre o resultado antes de axustes (139.873,80 €) e o axustado (1.170.473,18 €) é o importe das obrigas recoñecidas e financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais (1.068.178,32 €). Xa se apuntou anteriormente que os gastos que se financian con este recurso xeran unha “distorsión” no orzamento: rexístrase unha obriga recoñecida polo gasto, pero non un dereito recoñecido polo ingreso. Iso causa a aparencia dun déficit cando, pola contra, o remanente de tesourería para gastos xerais é o resultado da acumulación dos resultados orzamentarios do exercicio corrente e dos exercicios pechados, en termos prosaicos, un “aforro orzamentario”, fundamentalmente. Para comparar, polo tanto, ingresos con gastos cando o importe das obrigas financiadas con este remanente é relevante é imprescindible realizar este axuste.

Descrición	2016	2017	Variación (%)	Descrición	2016	2017	Variación (%)
DRN correntes	6.632.171,37	7.225.002,47	8,94%	ORN correntes	5.094.492,00	6.407.623,61	25,78%
DRN capital	341.740,18	790.689,49	131,37%	ORN capital	399.784,35	1.287.833,46	222,13%
Total operacións non financeiras	6.973.911,55	8.015.691,96	14,94%	Total operacións non financeiras	5.494.276,35	7.695.457,07	40,06%
Activos financeiros	725,04	120,78	-83,34%	Activos financeiros	845,82	0,00	-100,00%
Pasivos financeiros	292.427,95	226.606,81	-22,51%	Pasivos financeiros	599.594,10	407.088,68	-32,11%
Total operacións financeiras	293.152,99	226.727,59	-22,66%	Total operacións financeiras	600.439,92	407.088,68	-32,20%
<b>Total</b>	<b>7.267.064,54</b>	<b>8.242.419,55</b>	<b>13,42%</b>	<b>Total</b>	<b>6.094.716,27</b>	<b>8.102.545,75</b>	<b>32,94%</b>

Descrición	2016	2017	Variación (%)
<b>Resultado orzamentario do exercicio</b>	<b>1.172.348,27</b>	<b>139.873,80</b>	<b>-88,07%</b>
O Rtgx	47.910,68	1.068.178,32	<b>2.129,52%</b>
Df negativas do exercicio	322.201,06	352.270,89	<b>9,33%</b>
Df positivas do exercicio	433.175,94	389.849,83	<b>-10,00%</b>
<b>Resultado orzamentario axustado</b>	<b>1.109.284,07</b>	<b>1.170.473,18</b>	<b>5,52%</b>
<b>ROax/DRN</b>	<b>15,26%</b>	<b>14,20%</b>	

En canto á comparativa entre o dato de 2017 e 2016 destácanse os principais aspectos:

- Os epígrafes de ingresos e gastos non financeiros (de operacións correntes e de capital) incrementáanse.
- Os importes de ingresos e gastos financeiros redúcense.

No caso das operacións de natureza financeira o comportamento é o seguinte:

Nos últimos plans provinciais (PAI no 2015 e 2016 e POS+ a partir de 2017) hai unha liña de endebedamento que ten como finalidade a amortización extraordinaria de débeda financeira e investimentos de competencia municipal. Por outra parte, o concello formalizou no 2016 un préstamo coa entidade BBVA, do que se dispuxo parcialmente durante o 2017 e polo importe restante na súa consolidación no 2018.

Os ingresos financeiros reflectidos son os ingresos do préstamo provincial e do préstamo bancario para as diferentes finalidades. A posible diferenza dos importes entre o 2017 e o 2016 está nesas disposicións. Con respecto á transferencia destes fondos provinciais, os modo de pago depende da finalidade do préstamo. No caso de que teña como fin a amortización extraordinaria de préstamo, ingrésase na súa totalidade no ano de concesión, pero se financia investimentos, o ingreso realízase conforme vane xustificando os investimentos realizados e pode prolongarse a varias anualidades.

No caso das operacións correntes, cómpre comprobar se a evolución do saldo neto de ingresos menos gastos realmente estase a reducir. Non obstante, considero conveniente realizar os seguintes axustes debido ás seguintes circunstancias:

- Como xa se indicou previamente neste informe, o ano 2016 prodúzose unha “*inexecución de gastos inusual*” a nivel orzamentario. Ao quedar como obrigas pendentes de aplicar un montante moi significativo de gastos non tiveron reflexo orzamentario nas obrigas recoñecidas. Dado que si o tiveron na contabilidade financeira: conta (413), considero que o importe das obrigas recoñecidas netas debe incrementarse polo importe deses gastos de natureza corrente, co fin de contemplar o gasto corrente nunha dimensión máis ampla que a estritamente orzamentaria. O importe que se lle engadirá ás obrigas correntes serán os gastos pendentes de aplicación devindicados no exercicio a 31 de decembro.
- Dado que no exercicio 2017, como consecuencia do elevado montante dos gastos pendentes de aplicación, prodúzose un importe moi elevado de obrigas recoñecidas financiadas co remanente de tesourería para gastos xerais, que non ten reflexo nos dereitos recoñecidos netos. A causa disto, considero conveniente reducir o importe das obrigas recoñecidas co fin de facer unha comparativa homoxénea entre gastos e ingresos correntes.

Descrición	2014	2015	2016	2017
DRN correntes	6.453.443,41	6.558.228,14	6.632.171,37	7.225.002,47
ORN correntes	5.230.441,71	5.410.431,10	5.094.492,00	6.407.623,61
ORN correntes financiadas con Rtgx	0,00	0,00	0,00	734.811,62
Obrigas correntes xeradas en 2017 e non aplicadas ao orzamento (413)	296.541,87	143.812,36	736.756,76	306.076,69
ORN correntes axustadas	5.526.983,58	5.554.243,46	5.831.248,76	5.978.888,68
Saldo de operacións correntes axustado	926.459,83	1.003.984,68	800.922,61	1.246.113,79

Descrición	Variación 2015-14	Variación 2016-15	Variación 2017-16
DRN correntes	1,62%	1,13%	8,94%
ORN correntes	3,44%	-5,84%	25,78%
ORN correntes financiadas con Rtgx			
Obrigas correntes xeradas en 2017 e non aplicadas ao orzamento (413)	-51,50%	412,30%	-58,46%
ORN correntes axustadas	0,49%	4,99%	2,53%
Saldo de operacións correntes axustado	8,37%	-20,23%	55,58%

No ano 2015 a nivel estritamente orzamentario o incremento dos ingresos (1,62%) foi inferior ao dos gastos (3,44%). Sen embargo, se temos en conta as obrigas pendentes de aplicación orzamentaria, o crecemento dos gastos correntes foi inferior (0,49%), polo que o saldo neto das operacións correntes incrementouse nun 8,37%.

No ano 2016 ocorreu exactamente o contrario, xa que segundo as obrigas recoñecidas netas, o gasto corrente reduciuse nun -5,84%. Non obstante, ao engadirle as obrigas pendentes de aplicar devindicadas nese exercicio, resulta que incrementouse en 4,99%, dando lugar a unha redución do saldo neto “axustado” das operacións correntes nun -20,23%, prexudicando a capacidade municipal para asumir novos gastos, investimentos e endebedamento, así como a liquidez da Tesourería Municipal.

No 2017 deuse un incremento superior dos ingresos correntes, con respecto dos exercicios precedentes e un incremento substancial das obrigas recoñecidas (25,78%). Non obstante, ao reducir aquelas que non se financiaron con dereitos recoñecidos do exercicio e, tras engadirle os gastos devindicados e non aplicados orzamentariamente, resulta que o dito incremento “axustado” reduciuse ata un 2,53%, dando lugar a un novo incremento do saldo de operacións correntes, neste caso de 55,58%. Esta é unha boa noticia pola importancia de manter un aforro estrutural e estable e así ter solvencia para actuacións futuras.

A nivel acumulado no período 2014-17 este saldo de operacións correntes incrementouse nun 34,50%.

Descrición	Variación 2017-14
DRN correntes	11,96%
ORN correntes	22,51%
ORN correntes financiadas con Rtgx	
Obrigas correntes xeradas en 2017 e non aplicadas ao orzamento (413)	3,22%
ORN correntes axustadas	8,18%
Saldo de operacións correntes axustado	34,50%

En canto ao nivel de endebedamento, debido á normalización dunha liña de préstamo provincial nos plans anuais, é preciso seguir na senda de que non se incrementa excesivamente e de que o saldo das operacións correntes se incremente.



### 3.2.5 Remanente de tesourería

#### 3.2.5.1. Importe do remanente de tesourería

O remanente de tesourería é unha magnitude que, a partir da ICAL 2004, defínese como a acumulación de resultados orzamentarios de exercicios anteriores. Trátase dunha magnitude que reflicte os datos contables a unha data -31/12/2016- e que ten carácter acumulativo. Isto é, partindo do seu importe a 31 de decembro do exercicio anterior ao que se liquida, a xestión económica e o seu reflexo contable fai que experimente as variacións correspondentes ata acadar o valor a 31 de decembro do exercicio liquidado.

O seu importe en 2017 ascende a 1.118.939,30 € dun importe de 1.080.523,70 € no 2016, isto é, un aumento de 38.415,60 €.

Para analizar a causa fundamental desta evolución, á marxe, en primeiro lugar dos axustes para o cálculo do remanente de tesouraría para gastos xerais, calcularemos o incremento do remanente total, que ascende a 124.165,19 € (2.355.133,81 € - 2.479.299,00 €). A explicación deste aumento ven dada polos seguintes extremos:

- **Xestión do orzamento corrente.** Reflíctese no resultado orzamentario, concretamente, no resultado antes de axustes, que ascende a 139.873,80 €, como se indicou anteriormente.
- Xestión dos saldos orzamentarios de exercicios pechados. A través da variación do resultado orzamentario de exercicios anteriores. Esta magnitude cuantifícase a través das modificacións dos saldos iniciais de obrigas e dereitos pendentes e anulacións aprobados. Este importe ascende no ano 2017 a -15.586,36 €, o que incide negativamente no remanente de tesourería.
- **Xestión das operacións non orzamentarias,** a través de anulacións ou creacións que inflúan no resultado do exercicio. O importe de -122,25 € débese á rectificación á alza dos acredores non orzamentarios por un ingreso recibido en concepto de IVTM (imposto de vehículos de tracción mecánica) e de titularidade do Concello de Ribeira.

Pódese ver que foi a xestión do orzamento de 2017 a que xustifica o incremento do remanente de tesouraría:

<b>RT 2016 antes de axustes</b>	<b>2.355.133,81</b>	
	<b>Importe da variación</b>	<b>Peso relativo da variación do RT</b>
<b>Orzamento corrente</b>	139.873,80	112,65%
<b>Orzamentos pechados</b>	-15.586,36	-12,55%
<b>Non orzamentarios</b>	-122,25	-0,10%
<b>Total variación RT antes de axustes</b>	<b>124.165,19</b>	
<b>RT 2017 antes de axustes</b>	<b>2.479.299,00</b>	

Finalmente, en relación ao remanente de tesourería para gastos xerais, inflúen, así mesmo, outras dúas magnitudes: o saldo de dubidoso cobro e o exceso de financiamento afectado e ambas en sentido negativo.

	2016	2017	Diferenza
<b>Saldo de dubidoso cobro</b>	1.053.559,63	1.125.602,48	72.042,85
<b>Exceso de financiamento afectado</b>	221.050,48	234.757,22	13.706,74

Ambas magnitudes contribúen a empeorar o dato do remanente de tesourería para gastos xerais:

No **saldo de dubidoso cobro** inflúe a recadación de exercicios anteriores e a variación das porcentaxes de dereitos de dubidoso cobro segundo a súa antigüidade. O resultado é un incremento deste importe en 72.042,85 €, lixeiramente inferior ao incremento no ano anterior (85.910,62 €).

En canto ao **exceso de financiamento afectado**, constitúen os dereitos recoñecidos no exercicio e que contribuíron a incrementar o remanente de tesourería total que financian un gasto específico que aínda non se executou. Esta magnitude incrementouse en 13.706,74 €, fronte a un 59.782,63 € en 2016.

Por último, hai que poñer de manifesto a necesidade de depurar as partidas de cobros e pagamentos pendentes de aplicación pola súa importancia cualitativa. Con respecto do ano anterior non hai modificacións substanciais, só unha lixeira redución na aplicación de ingresos:

Concepto	2016	2017	Variación
<b>IPA</b>	232.171,51	244.361,01	12.189,50
<b>PPA</b>	167.338,63	170.208,30	2.869,77

Estas magnitudes non se inclúen no valor do remanente mentres non se apliquen orzamentariamente, polo que supoñen unha limitación á imaxe fiel da situación económica da entidade.

Novamente, e co fin de ter unha visión máis completa da situación económica municipal, considero necesario ter en conta o saldo da conta (413) para determinar un valor máis *real* desta magnitude:

Remanente de t <sup>º</sup> gastos xerais	1.118.939,30
Saldo (413)	324.588,83
Rtgx – (413)	794.350,47

A redución do remanente de tesourería para gastos xerais é considerable, pero mantense en positivo, o que reflicte o efecto positivo do resultado orzamentario do exercicio.

### 3.2.5.2. Cumprimento da previsión do Plan de Axuste 2012-22

O dato consignado no informe de seguimento do Plan de axuste do cuarto trimestre de 2017 foi de 1.912,15 m€, dato moi sobrevalorado debido a atraso no peche contable, polos motivos indicados:

Cantidades en miles de euros	Plan de Axuste	Avance	Desviación (%)
Remanente de t <sup>º</sup> gastos xerais	-231,33	1.912,15	926,59%

Datos del Plan de axuste	Avance	Liquidación	Desviación (%)
Remanente de 1ª gastos xerais	1.912,15	1.118,94	-41,48%

O cumprimento das previsións do Plan de Axuste é máis que satisfactorio, xa que prever un importe negativo obtívose unha contía positiva relevante e que supón un 13,58% dos dereitos recoñecidos netos totais.

### 3.2.5 Aforro neto

#### 3.2.5.1 Cuantificación do aforro neto

O aforro neto é unha das principais magnitudes a ter en conta pola súa relevancia, tanto en materia de autorización de endebedamento, como por reflectir a capacidade de xerar recursos correntes tanto para novo endebedamento como para acometer investimentos.

A continuación preséntase o cálculo do aforro neto, definido no artigo 53.1 TRLFL:

*“(...) A estes efectos entenderase por aforro neto das entidades locais e os seus organismos autónomos de carácter administrativo a diferenza entre os dereitos liquidados por capítulos uno a cinco, ambos inclusive, do estado de ingresos, e das obrigacións recoñecidas polos capítulos uno, dous e catro do estado de gastos, minorada no importe dunha anualidade teórica de amortización da operación proxectada e de cada un dos préstamos e empréstitos propios e avalados a terceiros pendentes de reembolso.*

*O importe da anualidade teórica de amortización, de cada un dos préstamos a longo prazo concertados e dos avalados pola corporación pendentes de reembolso, así como a da operación proxectada, determinarase en todo caso, en termos constantes, incluíndo os intereses e a cota anual de amortización, calquera que sexa a modalidade e condicións de cada operación. (...)*

*No aforro neto non se incluírán as obrigacións recoñecidas, derivadas de modificacións de créditos, que sexan financiadas con remanente líquido de tesouraría. (...)”*

A DA 14ª RDL 20/2011, do 30 de decembro modificou o cálculo do aforro neto modificando, á súa vez, o artigo 14 do RDL 8/2010, do 20 de maio. Asemade, a DF 31ª da Lei 17/2012, do 27 de decembro, dos orzamentos xerais do Estado modificou a DA 14ª RDL 20/2011 desde o 1 de xaneiro de 2013 e con vixencia indefinida no seguinte sentido:

*“Para a determinación dos ingresos correntes a computar no cálculo do aforro neto e do nivel de endebedamento, deducirase o importe dos ingresos afectados a operacións de capital e calquera outros ingresos extraordinarios aplicados aos capítulos 1 a 5 que, pola súa afectación legal e/ou carácter non recorrente, non teñan a consideración de ingresos ordinarios”.*

Neste apartado calcúlase dous valores do aforro neto:

- Tendo en conta as operacións de préstamo concedidas a 31/12/2017. Aquí inclúiranse os fondos provinciais de préstamo correspondentes ao POS+2018, pero que cuxa concesión xa se notifica no exercicio 2017
- Tendo en conta, ademais das operacións de préstamo concedidas a 31/12/2017, a liña de financiamento solicitada recentemente ao Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) por un

importe de 1.600.000 € a tipo de xuro cero para a adquisición do Pazo de Rianxiño e a devolver nun prazo de 8 anos.

Para calcular a anualidade teórica de amortización é preciso tomar como referencia un tipo de euríbor. Teranse en conta os datos históricos deste ano 2018 para determinar un valor.

Mes	Euríbor anual 2018
xaneiro	-0,189%
febreiro	-0,191%
marzo	-0,191%
abril	-0,190%
maio	-0,188%
xuño	-0,181%
xullo	-0,179%
agosto	-0,169%
setembro	-0,166%
outubro	-0,157%

Os valores do euríbor foron negativos durante todo o ano e con tendencia a incrementar o seu valor. Polo tanto, seguindo un criterio prudente tomarase o dato de 0,01%.

Outros criterios:

- Período do préstamo: de acordo cun principio de prudencia, tómase o período de amortización, sen ter en conta a carencia.
- O préstamo do BBVA amortízouse anticipadamente en varias ocasións, polo que tomarase o seu capital pendente a 31/12/2017 e o período que resta para o seu vencemento (29/05/2022) para o cálculo da anualidade teórica.

Entidade	Préstamo	Importe formalizado/pendente a 31-12-2017/proxectado	Tipo xuro	Periodicidade e na liquidación	Prazo	Tipo de xuro a aplicar	Anualidade teórica de amortización (Ata)
BBVA	9555014584	148.659,38	Euríbor+0,98	Trimestral	4,41	0,99%	34.416,17
BBVA	60057342	500.000,00	Euríbor+0,65	Trimestral	5 anos	0,66%	101.741,54
Deputación Provincial	PAI 2015	204.423,20	0,00%	Semestral	10 anos (amortización)	0,00%	20.442,32
Deputación Provincial	PAI 2016	222.852,95	0,00%	Semestral	10 anos (amortización)	0,00%	22.285,30
Deputación Provincial	POS 2017	223.040,21	0,00%	Semestral	10 anos (amortización)	0,00%	22.304,02
Deputación Provincial	POS 2018	242.790,30	0,00%	Semestral	10 anos (amortización)	0,00%	24.279,03
IGVS		1.600.000,00	0,00%		8 anos (amortización)	0,00%	200.000,00
<b>Total</b>		<b>3.141.766,04</b>					<b>425.468,38</b>
<b>Total sen IGVS</b>		<b>1.541.766,04</b>					<b>225.468,38</b>

A continuación desagregase o cálculo do aforro neto derivado da liquidación do orzamento de 2017:

Cap	Descrición	DRN
1	Impostos directos	2.187.234,84
2	Impostos indirectos	30.269,26
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1.295.508,01
4	Transferencias e subvencións correntes	3.710.951,43
5	Ingresos patrimoniais	1.038,93
Total	Ingresos correntes totais	7.225.002,47
	Ingr extraordinarios	223.370,50
	<b>Ingresos correntes axustados</b>	<b>7.001.631,97</b>

Descrición	Ingreso extraordinario
Liquidacións taxa recollida RSU	43.673,07
Liquidación definitiva da PIE 2015	179.697,43
<b>Total</b>	<b>223.370,50</b>

Cap	Descrición	ORN
1	Gastos de persoal	2.570.129,84
2	Gastos en bens correntes e servizos	3.692.930,76
4	Transferencias e subvencións correntes	135.107,16
Total	Gastos correntes totais	6.398.167,76
	Obrigas recoñecidas netas financiadas con remanente de tesourería	742.956,38
	<b>Gastos correntes axustados</b>	<b>5.655.211,38</b>

Como se indica táboa, os ingresos extraordinarios son os rexistrados na contabilidade que se derivaron do procedemento de comprobación limitada da taxa da recollida do lixo e a liquidación definitiva da participación nos ingresos do Estado correspondente ao exercicio 2015.

En canto ás obrigas recoñecidas financiadas con remanente de tesouraría, tómanse unicamente as relativas aos capítulos de gasto 1, 2 e 4 e as financiadas tanto con remanente de tesourería para gastos xerais como o exceso de financiamento afectado:

Ocrr financiadas Rtgx CE 1/2017	471.777,25
Ocrr financiadas Rtgx CE 2/2017	43.770,95
Ocrr financiadas Rtgx SC 1/2017	219.263,42
Ocrr financiadas EFA 2016/3/20/1	1.810,24
Ocrr financiadas EFA 2016/3/14/1	4.308,60

Ocrr financiadas EFA 2014/3/4Y/1	184,19
Ocrr financiadas EFA 2015/3/38/1	1.841,73
<b>Ocrr financiadas RT totais</b>	<b>742.956,38</b>

O resultado é o seguinte:

- Aforro neto tendo en conta as operacións de endebedamento concedidas a 31/12/2017

Aforro bruto (AB)	1.346.420,59
Anualidade teórica de amortización	225.468,38
<b>Aforro neto (AN)</b>	<b>1.120.952,21</b>
<b>AN/Ingresos correntes axustados (%)</b>	<b>16,01%</b>

Aforro bruto = Ingresos correntes axustados – Gastos correntes (capítulos 1, 2 e 4) axustados

O aforro neto representa un 16,01% dos ingresos correntes axustados do ano 2016, fronte a un 18,84% do 2015, aínda que en gran parte pola non aplicación de gastos ao orzamento. De ter en conta todos os gastos pendentes de aplicación a 31 de decembro do capítulo 2 do estado de gastos, a porcentaxe anterior sería de 11,64% fronte a un 7,88% do ano anterior:

<b>AN – gastos pendentes da aplicación orzamentaria a 31/12/2017</b>	814.875,52
<b>AN/Ingresos correntes (%)</b>	11,64%

- Aforro neto tendo en conta o préstamo solicitado en 2018 ao IGVS para a adquisición do Pazo de Rianxiño:

Aforro bruto (AB)	1.346.420,59
Anualidade teórica de amortización	425.468,38
<b>Aforro neto (AN)</b>	<b>920.952,21</b>
<b>AN/Ingresos correntes axustados (%)</b>	<b>13,15%</b>

Tendo en conta os gastos correntes pendentes de aplicación orzamentaria a porcentaxe anterior reduciríase ata un 8,78%:

<b>AN – gastos pendentes da aplicación orzamentaria a 31/12/2017</b>	614.875,52
<b>AN/Ingresos correntes (%)</b>	8,78%

### 3.2.6.2 Cumprimento do Plan de Axuste 2012-22

O cálculo do aforro neto no Plan de Axuste realizouse determinando a carga financeira como a suma dos gastos dos capítulos 3 e 9 de cada un dos orzamentos, non a través do concepto da anualidade

teórica de amortización definida no TRLFL.

Os datos remitidos ao Ministerio de Facenda ao informe de seguimento do Plan de Axuste e relativos ao cuarto trimestre de 2017 son máis favorables que os que resultan da liquidación; moi probablemente debido a que a aplicación dos ingresos non estaba completada á data da elaboración do dito informe.

Con respecto do cumprimento das previsións do Plan de Axuste, indícase que hai variacións en torno ao 10 por 100, en positivo e en negativo, pero con importes moi similares e do mesmo signo, polo que entendo que o obxectivo do aforro no exercicio 2016 debe entenderse cumprido.

Descrición	Plan de axuste	Informe de seguimento 2017	Variación
Aforro bruto	1.482,45	-28,73	-101,94%
Aforro neto	1.296,57	-435,82	-133,61%

Descrición	Plan de axuste	Liquidación 2017	Variación
Aforro bruto	1.482,45	1.346,42	-9,18%
Aforro neto	1.296,57	1.120,95	-13,54%

Os valores resultantes da liquidación son peores que nas previsións do Plan de Axuste, pero en calquera caso, son positivas, polo que hai que entender cumprido o obxectivo. Ademais con isto enténdese cumprido tamén o obxectivo en 2017 do Plan de Saneamento-Financeiro 2015-18, do que hai que elaborar o informe de avaliación e presentalo ante o Ministerio de Facenda.

A diferenza na definición do aforro neto da lugar a importantes diferenzas no seu cálculo e cuantificación. Amósanse os datos utilizando o criterio empregado no Plan de Axuste e a súa definición legal (miles €):

Carga financeira (ORN 3 e 9)	416,54
Carga financeira (Ata con préstamos concedidos a 31/12/2017)	225,47

Concepto	Liquidación (nos termos do Pax)	Liquidación (nos termos do TRLFL)	Variación
Aforro neto	1.065,91	1.256,95	17,93%

Se temos en conta a definición legal do aforro neto, o seu importe increméntase nun 17,93%. O resultado segue a ser positivo, como xa vimos.

### 3.3 AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DA LOEOSF

#### 3.3.1 Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria

O cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria debe verificarse tanto na aprobación do orzamento anual, como nas modificacións orzamentarias como nas liquidacións dos orzamentos (art.

15.1 RD 1463/2007). En particular, o art. 16.2 do RD 1463/2007 establece que “a Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes. O informe se emitirá con carácter independente e incorporárase ós previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do TRLRFL, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, as súas modificacións e a súa liquidación”. De acordo con este artigo, cando o resultado deste informe sexa o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, deberá remitirse á Xunta de Galicia (por ser competencia desta a tutela financeira do Concello) no prazo de 15 días dende a toma de coñecemento polo Pleno de dito informe. Debe terse en conta que mentres que a aprobación do orzamento e dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito son competencia plenaria, as restantes modificacións orzamentarias e a aprobación da Liquidación do orzamento son competencia do alcalde do Concello. En consecuencia, e posto que o art. 16.2 fala do coñecemento polo Pleno do informe sobre estabilidade orzamentaria tamén nestes supostos, dedúcese que no caso destas materias que non son competencia plenaria (como a liquidación do orzamento), deberá remitirse o dito informe ao Pleno para o seu coñecemento e no prazo de 15 días dende entón deberá remitirse á Xunta de Galicia.

O artigo 11.4 LOEPSF establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario. E así, o Consello de Ministros o 2 de decembro de 2016, establece como obxectivo de estabilidade orzamentaria para as Corporacións locais no trienio 2017-2019 o equilibrio. Non obstante, no caso de entidades que contan con un Plan de Axuste aprobado o obxectivo a ter en conta sobre estabilidade orzamentaria será o previsto en dito Plan. As previsións do Plan de axuste para a anualidade de 2017 son:

CF	1.092,31
INF	6.349,70
%CF/INF	17,20%

A estabilidade orzamentaria implica que os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiros. A capacidade investidora municipal virá determinada polos recursos de capital non financeiros, e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes (aforro bruto).

O cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos a orzamento obtense, segundo o manual da IXAE e como o interpreta a Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades locais, por diferenza entre os importes orzados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

### **3.3.1.1 Entidades que compoñen o orzamento xeral e delimitación sectorial de acordo co Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais**

No caso do Concello de Rianxo a única entidade que debe entrar no cálculo do cumprimento dos obxectivos é o propio concello.

### **3.3.1.2 Descrición dos ingresos e gastos en termos de contabilidade nacional**



(Para a realización dos axustes seguiranse os criterios e metodoloxía de cálculo recollidos no Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola IXAE, e no formulario F.1.1.B1.do documento elaborado pola Subdirección Xeral de relacións financeiras coas Entidades Locais)

Con carácter xeral, a totalidade dos ingresos e gastos non financeiros orzamentarios, sen prexuízo do seu reclasificación en termos de partidas contabilidade nacional, corresponden á totalidade dos empregos e recursos que se computan na obtención da capacidade/necesidade de financiamento do subsector Corporacións Locais das Administracións Públicas da Contabilidade Nacional. As diferenzas veñen determinadas polos axustes que se describen nos apartados seguintes deste informe.

### 3.3.1.3 Cálculo da capacidade/necesidade de financiamento

En virtude do establecido no artigo 16.2 do Regulamento débese informar o cumprimento do obxectivo de estabilidade do orzamento da propia entidade e dos seus organismos e entidades dependentes, dos do artigo 4.1 do Regulamento, deixando para un informe individualizado o correspondente aos entes do artigo 4.2.

A capacidade/necesidade de financiamento no orzamento calcularase en primeiro lugar pola a diferenza entre os importes orzados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos. Ao saldo así obtido (positivo ou negativo) deberá realizarse unha serie de axustes con fin de adaptalo ós criterios contables do SEC 95. Os ditos axustes están detallados no Manual da IXAE mencionado anteriormente, se ben a Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades locais engade algún máis non mencionado pola IXAE como é o axuste por execución do orzamento, aínda que este só opera na fase de elaboración do orzamento para estimar o total do gasto liquidado ao final do exercicio.

A estes efectos, os axustes SEC son os seguintes, de acordo cos formularios publicados na Oficina Virtual das EE.LL.:

Cap	Descrición	DRN
1	Impostos directos	2.187.234,84
2	Impostos indirectos	30.269,26
3	Taxas e o outros ingresos	1.295.508,01
4	Transferencias e subvencións correntes	3.710.951,43
5	Ingresos patrimoniais	1.038,93
6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias e subvencións de capital	790.689,49
<b>Total</b>		<b>8.015.691,96</b>

Cap	Descrición	ORN
1	Gastos de persoal	2.570.129,84
2	Gastos en bens correntes e servizos	3.692.930,76
3	Gastos financeiros	9.455,85

4	Transferencias e subvencións correntes	135.107,16
6	Investimentos reais	1.287.833,46
7	Transferencias e subvencións de capital	0,00
<b>Total</b>		<b>7.695.457,07</b>

Identif.	Concepto (Previsión de axuste a aplicar aos importes de ingresos e gastos)	Importe do axuste a aplicar ao saldo orzamentario 2017 (+/-)	Observacións
GR000	Axuste por recadación ingresos capítulo 1	-41.694,00	
GR000b	Axuste por recadación ingresos capítulo 2	4.294,41	
GR000c	Axuste por recadación ingresos capítulo 3	-155.920,30	
GR001	(+) Axuste pola liquidación PTE 2008	16.353,60	
GR002	(+) Axuste pola liquidación PTE 2009	31.023,96	
GR002b	(+/-) Axuste pola liquidación PTE distinta dos anos 2008 e 2009	0,00	
GR006	Xuros	446,99	
GR006b	Diferenzas de cambio	0,00	Non se da este suposto
GR015	Axustes polo grao de execución do gasto	0,00	Non procede
GR009	Investimentos realizadas por conta da corporación local	0,00	Non se da este suposto
GR004	Ingresos por vendas de accións (privatizacións)	0,00	Non se da este suposto
GR003	Dividendos e participacións en beneficios	0,00	Non se da este suposto
GR016	Ingresos obtidos do orzamento da Unión Europea	0,00	Non se da este suposto
GR017	Operacións de permuta financeira (SWAPS)	0,00	Non se da este suposto
GR018	Operacións de reintegro e execución de avais	0,00	Non se da este suposto
GR012	Achegas de capital	0,00	Non se da este suposto
GR013	Asunción e cancelación de débedas	0,00	Non se da este suposto
GR014	Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	592.851,69	
GR008	Adquisicións con pago aprazado	0,00	Non se da este suposto

GR008a	Arrendamento financeiro	-17.810,08	Houbo un alta por un arrendamento con opción de compra dos equipos de impresión e dixitalización, xunto coas amortizacións derivadas dos tres contratos en vigor
GR008b	Contratos de asociación público privada (APP's)	0,00	
GR010	Investimentos realizados pola corporación local por conta de outra Administración Pública	0,00	Non se da este suposto
GR019	Préstamos	0,00	Non se da este suposto
GR099	Outros	-1.762,92	Variación do saldo pendente de pago de devolucións de ingresos indebidos
<b>Total de axustes ao orzamento da entidade</b>		<b>427.783,35</b>	

### a. Axuste pola recadación dos ingresos dos capítulos do 1 a 3

O criterio seguido polas normas do SEC95 é aplicar un criterio de prudencia na imputación dos ingresos propios da entidade, polo que só se poden incluír os ingreso recadados nos capítulos do 1 ao 3. Deste xeito, se a recadación (do exercicio corrente e dos pechados) é inferior aos dereitos recoñecidos netos debe aplicarse un axuste negativo polo dito importe e viceversa.

Cap	DRN	Recadación corrente	Recadación pechados	Total recadación	Axuste
1	2.187.234,84	2.046.005,30	99.535,54	2.145.540,84	-41.694,00
2	30.269,26	28.715,58	5.848,09	34.563,67	4.294,41
3	1.295.508,01	1.107.297,55	32.290,16	1.139.587,71	-155.920,30
<b>Total</b>	<b>3.513.012,11</b>	<b>3.182.018,43</b>	<b>137.673,79</b>	<b>3.319.692,22</b>	<b>-193.319,89</b>

### b. Axuste pola liquidación da PIE

Os saldos a reintegrar que se derivan das liquidacións definitivas da PIE deben rexistrarse como menos ingreso e, polo tanto, menos capacidade de financiamento, no ano no que se producen, o que supón un axuste negativo en termos SEC95. Pola contra, os reintegros do dito importe que orzamentariamente reducen os ingresos do concepto 42000, mediante devolucións de ingresos indebidos, non deberán computarse, pois xa se fixo cando se notificou a dita liquidación definitiva. En consecuencia, as comunicacións das liquidacións definitivas de reintegro, dan lugar a axustes negativos e os reintegros a axustes positivos.

Os datos dos reintegros son os seguintes:

Reintegro PIE 2008	16.353,60
Reintegro PIE 2009	31.023,96

### c. Xuros

O axuste dos xuros ven motivado polos desaxustes entre as datas do seu vencemento (data na que se pagan) e os períodos de devindicación, pois pode ocorrer que nun exercicio se liquiden xuros que correspóndense cun período de liquidación que abrangue dous exercicios. Para a determinación da capacidade ou necesidade de financiamento, séguese o criterio de devindicación, polo que aqueles xuros imputados orzamentariamente ao exercicio 2017 pero que se correspondan con outro ano ou aqueles que se prevén aboar no ano seguinte pero refíranse ao 2017, deberanse imputar a este último. Para ilo, calcúlanse esas imputacións que suporán un axuste á aplicación orzamentaria 011.31000:

PRÉSTAMO	PERÍODO: PAGOS 2018 REFERIDOS AO 2017	IMPORTE 2018	AXUSTE: VINDICACIÓN EN 2017
BBVA 584	30/11/2017-28/02/2018	381,16 €	134,03 €
BBVA 342	31/12/17	21,27 €	21,27 €
<b>TOTAL</b>			<b>155,30 €</b>

PRÉSTAMO	PERÍODO: PAGOS 2017 REFERIDOS AO 2016	IMPORTE 2017	AXUSTE: VINDICACIÓN EN 2016
BBVA 584	30/11/2016-27/02/2017	905,18 €	586,87 €
BBVA 222	01/04/2015-31/03/2016	20,46 €	15,42 €
<b>TOTAL</b>			<b>602,29 €</b>

<b>ORN</b>	<b>3.282,66 €</b>
------------	-------------------

<b>VINDICADO</b>	<b>2.835,67 €</b>
------------------	-------------------

<b>AXUSTE</b>	<b>446,99 €</b>
---------------	-----------------

#### d. Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento

Afondando no criterio de devindicación contable, as normas do SEC95 esixen que se contabilicen os gastos realizados, independentemente do seu recoñecemento ou aplicación orzamentaria. Por ilo, este importe debe calcularse como a diferenza entre o saldo final e o saldo inicial da conta non orzamentaria (413) *Gastos pendentes de aplicación orzamentaria*.

	4310	4133	Total
<b>Si</b>	736.756,76	180.683,76	917.440,52
<b>Sf</b>	306.076,69	18.512,14	324.588,83
<b>Redución</b>	<b>430.680,07</b>	<b>162.171,62</b>	<b>592.851,69</b>

#### e. Arrendamento financeiro

Neste apartado inclúense os contratos de arrendamento con ou sen opción de compra que, de acordo coa Instrución de Contabilidade da Administración Local, se contabilizan como se fosen con opción de compra, unicamente desde un punto de vista económico e non xurídico:

- Arrendamento sen opción de compra dun vehículo para a Policía Local
- Arrendamento con opción de compra do equipamento informático do concello

- Arrendamento con e sen opción de compra dos equipos de impresión e dixitalización do concello (formalizado en 2017)

Neste tipo de operacións, o gasto en termos SEC95 debe imputarse no momento da entrega dos bens, dando lugar a un axuste negativo polo seu valor. Os pagamentos polo reembolso do valor do ben deben dar lugar a un axuste negativo para non duplicar o gasto derivado destes arrendamentos.

No 2017 rexistrouse a alta polos equipos de impresión e dixitalización, o que dá lugar a un axuste negativo polo valor do inmovilizado. Por outra parte, o importe das amortizacións contabilizadas no subconcepto de gasto 64800 dará lugar a un axuste positivo:

<b>Alta (2130)</b>	-45.191,58
<b>Amortización (xxx.64800)</b>	27.381,50
<b>Axuste</b>	-17.810,08

<b>Prog.</b>	<b>Eco.</b>	<b>Obrigas recoñecidas</b>
130	64800	9.384,86
151	64800	546,18
231	64800	546,18
241	64800	88,80
333	64800	88,80
334	64800	622,57
341	64800	546,18
342	64800	177,60
932	64800	1.040,75
1722	64800	0,00
3321	64800	546,18
9201	64800	13.158,42
9202	64800	546,18
9203	64800	88,80
<b>Total</b>		<b>27.381,50</b>

#### **f. Devolución de ingresos pendentes de aplicar ao orzamentos**

O axuste calcúlase entre a diferenza do saldo final e o saldo inicial das obrigas recoñecidas de devolución de ingresos indebidos pendentes de pagamento:

<b>Si</b>	313,96
<b>Sf</b>	2.076,88
<b>Variación</b>	<b>-1.762,92</b>

O resumo dos axustes é o seguinte:

Saldo operacións non financeiras	320.234,89
Axustes SEC	427.783,35
Capacidade de financiamento (CF)	<b>748.018,24</b>
%CF/Ingresos non financeiros	<b>9,33%</b>

### 3.3.1.4 Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do Plan de Axuste

A información remitida no informe de seguimento do Plan de Axuste correspondente ao cuarto trimestre de 2017 non era definitiva, ao non estar pechado o orzamento. Amósanse os datos na seguinte táboa:

Magnitude	Plan de Axuste	Liquidación 2017
Saldo ONF	1.476,15	320,23
Axustes SEC	-383,84	427,78
CF	1.092,31	748,02
INF	6.496,08	8.015,69
%CF/INF	<b>16,81%</b>	<b>9,33%</b>

Da liquidación do 2017 resulta unha capacidade de financiamento de 748.018,24 €, o que representa un 9,33% dos ingresos non financeiros. Trátase dunha previsión inferior á do Plan de Axuste (16,81%), pero da que resulta un cumprimento do obxectivo da estabilidade orzamentaria, xa que segundo o criterio do Ministerio de Facenda, cun resultado de superávit, considérase que existe un cumprimento.

### 3.3.1.5 Destino do superávit orzamentario

#### 3.3.1.5.1 Importe do superávit orzamentario que debe destinarse aos fins da LOEOSF: **748.018,24 €**

O destino do superávit orzamentario regúlase no artigo 32 LOEOSF:

*“1. No suposto de a liquidación orzamentaria se sitúe en superávit, este destinarase, no caso do Estado, Comunidades Autónomas e Corporacións Locais a reducir o nivel de endebedamento neto, sempre co límite do volume de endebedamento, se este fose inferior ao importe do superávit a destinar a redución da débeda”.*

A normativa reguladora das facendas locais esixe a tramitación dunha modificación orzamentaria para realizar gastos non previstos nos créditos iniciais. As modificacións orzamentarias están taxadas, tanto en relación á súa natureza como aos medios ou recursos que as financian. Neste caso, o medio de financiamento do que dispón o concello que mellor reflicte o superávit orzamentario é o remanente de tesourería para gastos xerais (RTgx); non obstante, trátase de magnitudes definidas de modo moi diferente, empezando porque o remanente de tesourería é unha magnitude de carácter fundamentalmente orzamentaria e a capacidade de financiamento, definida de acordo con criterios de contabilidade nacional, de carácter fundamentalmente económico. As opinións especializadas na materia conclúen no mesmo sentido:

Poden darse as seguintes situacións:

1. **Que o Rtgx sexa igual ou superior ao superávit orzamentario:** o importe que deberá aplicarse á redución de endebedamento neto ou o fin que corresponda virá dado pola capacidade de financiamento.

2. **Que o Rtgx sexa inferior ao superávit orzamentario:** neste caso, o Rtgx establece o límite máximo do superávit que debe destinarse ao fin correspondente, xa que en calquera caso deben respectarse as normas de execución orzamentaria que esixen a existencia de recursos suficientes para financiar unha modificación orzamentaria.

Así, o límite máximo do importe do superávit afectado ven dado polo menor importe da capacidade de financiamento e o Rtgx.

No caso do Concello de Rianxo a situación é a seguinte: hai unha capacidade de financiamento de 748.018,24 €, pero o remanente de tesourería para gastos xerais é de 1.118.939,30 €, polo que é o importe do superávit orzamentario que deberá destinarse aos fins previstos no LOEOSF.

### 3.3.1.5.2 Fin/s ao/s que hai que destinar o superávit orzamentario

O artigo 32.1 LOEOSF establece, con carácter xeral, que o superávit orzamentario, no importe calculado nos termos anteriores, debe destinarse a reducir o volume de endebedamento, co límite deste volume, se fose inferior ao importe do superávit a aplicar.

No Concello de Rianxo, o importe do superávit a aplicar, 748.018,24 €, é inferior ao volume de endebedamento, polo que, de acordo co artigo 32 LOEOPS, este sería o destino a imputar o dito importe.

Non obstante, a DA 6ª LOEOSF introduciu a posibilidade doutros destinos, sempre que se cumpran unha serie de condicionantes. O artigo 1 do Real Decreto-lei 1/2018 prorrogou para o exercicio 2018 a aplicación das regras desa DA 6ª, para o que deberá terse en conta a disposición adicional decimosexta do TRLFL.

### 1) Cumprimento ou non dos requisitos para a aplicación da DA 6ª LOEOSF: **SI**

Para destinar o superávit orzamentario aos fins da DA 6ª LOEOSF é necesario, en primeiro lugar cumprir os seguintes requisitos:

- Non superar os límites previstos no TRLFL en materia de autorización das operacións de endebedamento
  - Aforro neto positivo
  - Nivel de endebedamento non superior ao 110% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior

Que da liquidación do exercicio anterior resulte:

- Superávit en termos de contabilidade nacional
- Remanente de tesourería positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta lei.

O 04/07/2013 emitíuse unha nota informativa pola Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local en relación ao destino do superávit orzamentario.

No seu apartado IV, relativo ás Entidades Locais, concrétase o axuste que se debe realizar no remanente de tesouraría e consiste no **importe das obrigas que, estando recoñecidas no orzamento, se pagasen no marco do mecanismo do pagamento a provedores regulado en 2012 e sempre que se financiasen con operacións de préstamo co FFPP**. Efectivamente, este é o importe que deu lugar a un superávit orzamentario no exercicio 2012 como consecuencia dese mecanismo e que contribuíu a incrementar o remanente de tesouraría para gastos xerais pola dita contía.

No caso do Concello de Rianxo, os datos son os seguintes:

Concepto	Importe
Capital inicial formalizado co FFPP	1.226.295,56
Importe das obrigas aplicadas ao orzamento (efecto dos préstamos co FFPP)	724.602,04

No informe da liquidación do orzamento de 2012 indícase que do total do préstamo co Fondo de Financiamento para o Pago aos Provedores (FFPP), *“unicamente 501.693,52 € recóllense nas obrigas pendentes de pago do exercicio 2012, xa que o resto derívase de obrigas pendentes de pagamento de exercicios pechados, fundamentalmente de anualidade 2011, proporcionando unicamente liquidez”*.

Do informe, polo tanto, extráese que o préstamo de 1.226.295,56 € financiou obrigas xa recoñecidas por 724.602,04 € e o resto (501.693,52 €) para gastos pendentes de aplicación orzamentaria. De feito, no 2012 tramitáronse dous créditos extraordinarios para financiar facturas incluídas no préstamo co FFPP por un importe total lixeiramente inferior ao dos gastos pendentes de aprobación:

- Ce 2/2012: 367.111,88
- Ce 3/2012: 134.345,64
- Total: 501.457,52

Polo tanto, o remanente de tesouraría para gastos xerais, unha vez descontado o efecto do mecanismo de pagamento a provedores é positivo:

Concepto	Importe
Remanente de tesouraría para gastos xerais 2017	1.118.939,30
Importe das obrigas aplicadas ao orzamento (efecto dos préstamos co FFPP)	724.602,04

## 2) Destinos do superávit

Obrigas pendentes da aplicar ao orzamento contabilizadas a 31/12/2017 na conta (413) *Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento*. **Destas obrigas habería que excluír as financiadas polo POS da Deputación.**

Obrigas pendentes de pagamento con provedores, contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior. **Este non pode considerarse como un destino do superávit instrumentado a través dunha modificación orzamentaria financiada con remanente de tesouraría, xa que estase a falar de obrigas recoñecidas en exercicios anteriores.**

Investimentos financeiramente sostibles (IFS). Débense cumprir os seguintes requisitos:



- O período medio de pagamento (PMP) non pode superar o prazo máximo de pago previsto na normativa de morosidade. Trátase da magnitude regulada no RD 635/2014, que se establece en 30 días. Este requisito non se cumpre.

Requisitos dos IFS, previstos na DA 16ª TRLFL, modificado polo artigo 2 do Real Decreto-lei 1/2018:

- A entidade debe atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- O IFS debe imputarse nalgún dos seguintes programas do orzamento de gastos

	Grupo de programa	Descrición
<input type="checkbox"/>	160/161	Alcantarillado
<input type="checkbox"/>	161	Abastecemento domiciliario de auga potable
<input type="checkbox"/>	162	Recollida, eliminación e tratamento de residuos
<input type="checkbox"/>	165	Alumeado público
<input type="checkbox"/>	172	Protección e mellora do medio ambiente
<input type="checkbox"/>	412	Mellora das estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos
<input type="checkbox"/>	422	Industria
<input type="checkbox"/>	425	Enerxía
<input type="checkbox"/>	431	Comercio
<input type="checkbox"/>	432	Información e promoción turística
<input type="checkbox"/>	441	Transporte de viaxeiros
<input type="checkbox"/>	442	Infraestruturas do transporte
<input type="checkbox"/>	452	Recursos hidráulicos
<input type="checkbox"/>	463	Investigación científica, técnica e aplicada
<input type="checkbox"/>	491	Sociedade da información
<input type="checkbox"/>	492	Xestión do coñecemento

O investimento tamén poderá imputarse nalgún dos seguintes grupos de programas:

	Grupo de programa	Descrición
<input type="checkbox"/>	132	Seguridade e orden público
<input type="checkbox"/>	133	Ordenación do tráfico e do estacionamento
<input type="checkbox"/>	135	Protección civil
<input type="checkbox"/>	136	Servizo de prevención e extinción de incendios
<input type="checkbox"/>	153	Vías públicas
<input type="checkbox"/>	171	Parques e xardíns

<input type="checkbox"/>	231	Atención social primaria
<input type="checkbox"/>	321	Creación de centros docentes de ensino infantil e primaria
<input type="checkbox"/>	323	Funcionamento dos centros docentes de ensino infantil e primaria e educación especial
<input type="checkbox"/>	332	Bibliotecas e arquivos
<input type="checkbox"/>	333	Equipamentos culturais e museos
<input type="checkbox"/>	336	Protección do Patrimonio Histórico-Artístico
<input type="checkbox"/>	342	Instalacións deportivas
<input type="checkbox"/>	453	Estradas
<input type="checkbox"/>	454	Camiños veciñais
<input type="checkbox"/>	933	Xestión do patrimonio, no que poderá incluírse as aplicadas á rehabilitación, reparación e mellora de infraestruturas e inmobles propiedade da entidade local afectos ao servizo público incluíndo as actuacións de adaptación de infraestruturas que permitan a accesibilidade universal para persoas con discapacidade e persoas maiores

- Exclúense os investimentos que teñan unha vida útil inferior a 5 anos e as adquisicións de mobiliario, enseres e vehículos, salvo que se destinen á prestación de servizos asociados aos grupos de programas recollidas na táboa anterior.
- Exclúense os investimentos en vehículos, salvo que se destinen á prestación dos servizos públicos de recollida, eliminación e tratamento de residuos, seguridade e orden público, protección civil, prevención e extinción de incendios e de transporte de viaxeiros.

Redución de endebedamento: **Polo importe da capacidade de financiamento que non se adique a gastos pendentes de aplicación a 31/12/2017.**

### **3) Parte do remanente de tesourería para gastos xerais que excede da capacidade de financiamento**

Esta parte do remanente de tesourería é de uso libre, sempre que se cumpran no exercicio 2017 os obxectivos de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto.

#### **3.3.2 Cumprimento do obxectivo da regra de gasto**

##### **3.3.2.1 Taxa de referencia para a regra de gasto**

O artigo 12 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria esixe tamén ás Entidades Locais que a variación de gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación.

Para as Corporacións locais cúmprese a Regra do Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

Na sesión do Consello de Ministros do 2 de decembro de 2016, fixou a taxa de referencia no 2,1% para o ano 2017.

### 3.3.2.2 Cálculo do gasto computable

Establécese no apartado 2 do artigo 12 como se determina o volume de gasto computable.

*“2. Entenderase por gasto computable aos efectos previstos no apartado anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento”.*

Concepto	Liquidación exercicio 2016	Peche final liquidación 2017	Observacións
<b>Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos</b>	<b>5.480.905,56</b>	<b>7.686.001,22</b>	
<b>Axustes. Cálculo dos empregos non financeiros segundo o SEC</b>	<b>737.890,11</b>	<b>-575.041,61</b>	
(-) Alleamentos de terreos e demais investimentos reais	0,00		
(+/-) Investimentos realizados por conta da corporación local	0,00		
(+/-) Execución de avais	0,00		
(+) Achegas de capital	0,00		
(+/-) Asunción e cancelación de débedas	0,00		
(+/-) Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	754.469,19	-592.851,69	
(+/-) Pagos a socios privados realizados no marco das asociacións público-privadas	0,00		
(+/-) Adquisicións con pago aprazado	0,00		
(+/-) Arrendamento financeiro	-16.579,08	17.810,08	
(+) Préstamos	0,00		
(-) Mecanismo extraordinario de pagamento a provedores 2012			
(-) Investimentos realizados pola corporación local por conta doutra A.P.	0,00		
(-) Grao de execución	0,00		
Outros (especificar)	0,00	0,00	
<b>Empregos non financeiros en termos SEC excepto os xuros da débeda</b>	<b>6.218.795,67</b>	<b>7.110.959,61</b>	

<b>(-) Pagamentos por transferencias (e outras operacións internas) a outras entidades que integran a corporación local</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas</b>	<b>-817.665,98</b>	<b>-1.694.750,54</b>
Unión Europea	0,00	0,00
Estado	-45.054,43	-1.998,44
Comunidade Autónoma	-397.144,16	-677.991,77
Deputacións	-372.501,16	-1.009.913,62

Outras Administracións Públicas	-2.966,23	-4.846,71
<b>(-) Transferencias por fondos dos sistemas de financiamento</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>Total de gasto computable do exercicio</b>	<b>5.401.129,69</b>	<b>5.416.209,07</b>

Os axustes de subvencións finalistas doutras Administracións Públicas ten a súa xustificación no estado dos gastos de financiamento afectado, que se achegan coa liquidación.

A continuación, amósanse as variacións da recadación debida a cambios normativos, recollidas no informe da Tesourería Municipal do 07/05/2018, que consta no expediente da liquidación do orzamento.

<b>(+/-) Incrementos/diminucións de recadación por cambios normativos</b>	0,00	14.537,72
---	------	-----------

Breve descripción do cambio normativo	Importe Incr(+)/dimin(-) no orzamento 2017	Importe Incr(+)/dimin(-) en liquidación do orzamento 2017	Norma(s) que cambian	Aplicación económica
IBI urbana. Efectos da Ponencia de valores aprobada en 2012.	0,00	18.740,21	Ponencia de valores (art. 67 TRLFL)	11300
IBI urbana. Efecto da redución do tipo de gravame	0,00	-33.944,62	Ordenanza fiscal	11300
Efectos da Ponencia de valores aprobada en 2012. Ibi rústica xunto coa redución do tipo de gravame	0,00	29.742,13	Ponencia de valores (art. 67 TRLFL) e Ordenanza fiscal	11200

Hai que ter en conta que o criterio que ven utilizando tanto a Subdirección Xeral de Política Financeira e Tesouro e o Ministerio de Facenda (deducido do criterio utilizado aplicacións de captura de datos da execución orzamentaria trimestral é que o gasto computable do ano anterior a ter en conta en caso de incumprimento é o do exercicio, sen axustar polo importe máximo da taxa de referencia de crecemento do PIB. No exercicio 2016 non se cumpriu o obxectivo da regra de gasto, e tampouco se aprobou ningún plan económico-financeiro, sen embargo, de acordo con estes criterios, o importe do gasto computable a ter en conta para o 2016 non é o máximo (5.045.088,08 €), senon o gasto computable do concello nese exercicio (5.401.129,69 €). De acordo con isto, o resultado é o seguinte:

<b>Gasto computable 2016</b>	<b>5.401.129,69</b>
<b>Taxa de referencia de crecemento PIB 2016</b>	<b>2,10%</b>
<b>Gasto computable incrementado pola taxa de referencia</b>	<b>5.514.553,41</b>
<b>Aumentos/diminucións de recadación</b>	<b>14.537,72</b>
<b>Gasto computable máximo para o 2017</b>	<b>5.529.091,13</b>
<b>Gasto computable do exercicio 2017</b>	<b>5.416.209,07</b>
<b>Déficit(-)/Superávit(+) regra de gasto</b>	<b>112.882,06</b>

De acordo co exposto, o Concello de Rianxo, **cumpriu** no 2017 co obxectivo da regra de gasto.

### 3.3.3 Nivel de endebedamento

O artigo 53.2 TRLFL establece que o nivel máximo de endebedamento ata o que non se precisa autorización para concertar unha operación de crédito é o 110 por 100, calculado do seguinte xeito:

$$\frac{CV}{DRN_{\text{correntes}}} \times 100$$

*CV: Capital vivo das operacións de crédito vixentes a curto e longo prazo, incluíndo o importe da operación proxectada*

*DRN correntes: ingresos correntes liquidados (dereitos recoñecidos netos) no exercicio inmediatamente anterior ou, no seu defecto, no precedente a este último cando o cómputo deba realizarse no primeiro semestre do ano e non se teña liquidado o orzamento correspondente.*

De igual modo que no caso do aforro neto, hai que considerar a redacción que a disposición final 31ª LOXE 2013 dálle á disposición adicional 14ª do Real Decreto-lei 20/2011, do 30 de decembro en relación ao cálculo dos ingresos correntes, xa visto, e en relación ao capital vivo:

*“Aos efectos do cálculo do capital vivo, consideraranse todas as operacións vixentes a 31 de decembro do ano anterior, incluído o risco deducido dos avais, incrementando, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e o importe da operación proxectada. Nese importe non se incluírán os saldos que deban reintegrar as entidades locais derivados das liquidacións definitivas da participación nos tributos do Estado”.*

O resultado da normativa citada é un nivel de endebedamento do 22,02% dos ingresos correntes axustados a 31/12/2017, tendo unicamente en conta as operacións vivas a esta data e non as proxectadas para 2018:

Entidade	Préstamo	Importe pendente
BBVA	9555014584	148.659,38
BBVA	9560057342	500.000,00
Deputación Provincial	PAI 2015	204.423,20
Deputación Provincial	PAI 2016	222.852,95
Deputación Provincial	POS+2017	223.040,21
Deputación Provincial	POS+2018	242.790,30
<b>Total a 31/12/2017</b>		<b>1.541.766,04</b>

Ingresos correntes axustados	7.001.631,97
<b>CV (%) a 31/12/2017</b>	<b>22,02%</b>

O Concello de Rianxo cumpre co límite de débeda, xa que esta sitúase baixo o 75% dos ingresos correntes, que é o límite por debaixo do que se pode acudir a endebedamento sen necesidade de autorización, sen prexuízo do cumprimento doutros requisitos.

Se se ten en conta a operación de préstamo solicitada ao IGVS para a adquisición do Pazo de Rianxiño, o nivel de débeda é o seguinte, que segue a manterse por debaixo do 75%:

Entidade	Préstamo	Importe pendente
BBVA	9555014584	148.659,38
BBVA	9560057342	500.000,00
Deputación Provincial	PAI 2015	204.423,20
Deputación Provincial	PAI 2016	222.852,95
Deputación Provincial	POS+2017	223.040,21
Deputación Provincial	POS+2018	242.790,30
IGVS		1.600.000,00
<b>Total a 31/12/2017</b>		<b>3.141.766,04</b>

Ingresos correntes axustados	7.001.631,97
<b>CV (%) a 31/12/2017</b>	<b>44,87%</b>

### 3.3.4 Réxime de endebedamento para o 2018

As limitación ao endebedamento proceden de varios textos normativos e ten en conta varias magnitudes. En canto ao aforro neto, hai que ter en conta que para o seu cálculo haberá que ter en conta as precisións realizadas ao inicio do apartado deste ratio.

#### 1. Endebedamento para o financiamento de investimentos

NORMA	SITUACIÓN	CONSECUENCIA	APLICABLE
Artigo 10.4 RDL 4/2012	Remanente de tesourería para gastos, xerais negativo (durante a vixencia do préstamo derivado do MPP 2012-22)	Prohibición	Non: os préstamos co Fondo de Financiamento de Pagamento a Provedores (FF.PP.) están cancelados
RDL 8/2010, modificado pola DA 14 <sup>a</sup> do RD-lei 20/2011 e DF 31 <sup>a</sup> LOXE 2013	Aforro neto negativo	Prohibición	Non (aforro neto positivo)
<b>RDL 8/2010, modificado pola DA 14<sup>a</sup> do RD-lei 20/2011 e DF 31<sup>a</sup> LOXE 2013</b>	<b>Aforro neto positivo Nivel de endebedamento igual ou inferior ao 75%</b>	<b>Non existe prohibición para concertar operacións de crédito a longo prazo</b>	<b>Si (nivel de endebedamento inferior ao 75%)</b>
RDL 8/2010, modificado pola DA 14 <sup>a</sup> do RD-lei 20/2011 e DF 31 <sup>a</sup> LOXE 2013	Aforro neto positivo Nivel de endebedamento superior ao 75% e igual ou inferior ao 110%	Posibilidade de acudir a endebedamento previa autorización do órgano que ten a tutela financeira (Xunta de Galicia)	Non (nivel de endebedamento inferior ao 75%)
RDL 8/2010, modificado pola DA 14 <sup>a</sup> do RD-lei 20/2011 e DF 31 <sup>a</sup> LOXE 2013	Nivel de endebedamento superior ao 110%	Prohibición	Non (nivel de endebedamento inferior ao 75%)

## 2. Operacións de refinanciamento de operacións de crédito a longo prazo

En ausencia dunha regulación ao respecto na LOXE, debe aplicarse o réxime previsto no artigo 49.2.d) TRLFL para a “*substitución total ou parcial de operacións (de endebedamento) preexistentes*”. Ao mesmo tempo, deberán terse en conta as prescricións da Resolución do 04/07/2017 da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira sobre a prudencia financeira das EE.LL. Así, o seu artigo 7 establece que:

*“Calquera entidade financeira distinta á acreedora orixinal poderá formalizar unha operación baixo estes criterios co fin de que (...) Entidade Local (...) amorticen anticipadamente a operación previa”.*

Dos criterios expostos anteriormente nese artigo 7 derívase que esta novación, reestruturación ou refinanciamento poderá realizarse co límite do custo financeiro máximo que, só poderá superarse nos supostos enumerados nese precepto.


A este respecto, no POS+2018 hai unha liña de financiamento provincial coa forma de préstamo que ten xuro cero e da que, parte, debe ir á amortización anticipada dun dos préstamos formalizados co BBVA. Queda claro que non se supera o custo financeiro máximo, que é cero, polo que trátase dunha operación permitida.

### 3.3.5 Período medio de pagamento a provedores (PMP)

#### 3.3.5.1 Cumprimento do período medio de pagamento

Xa se adiantou anteriormente a evolución do PMP:

Período	PMP (días)
3T 2014	67,28
4T 2014	76,78
1T 2015	76,10
2T 2015	62,22
3T 2015	60,00
4T 2015	42,82
1T 2016	32,60
2T 2016	30,49
3T 2016	44,17
4T 2016	53,31
1T 2017	64,06
2T 2017	95,23
3T 2017	104,38
4T 2017	73,12



O artigo 4.2 LOEOSF establece que *“enténdese que existe sostibilidade da débeda comercial, cando o período medio de pagamento a provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa de morosidade”*. Actualmente, cos niveis acadados polo PMP debe concluírse en que non existe sostibilidade na débeda comercial.

### 3.3.5.2 Consecuencias do incumprimento

O artigo 16.6 LOEOSF establece a consecuencia deste incumprimento:

*“(...) Cando o período medio de pagamento dunha Administración Pública, de acordo cos datos publicados, supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade, a Administración deberá incluír, na actualización do seu plan de tesourería inmediatamente posterior á dita publicación, como parte do dito plan o seguinte:*

*a) O importe dos recursos que vai adicar mensualmente ao pagamento a provedores para poder reducir o seu período medio de pagamento ata o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade*

*b) O compromiso de adoptar as medidas cuantificadas de redución de gastos, incremento de ingresos ou outras medidas de xestión de cobros ou pagamentos, que lle permita xerar a tesourería necesaria para a redución do seu período medio de pagamento a provedores ata o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade”*.

De acordo co artigo 18.5 LOEOSF é o órgano interventor das Corporacións Locais a que debe realizar o seguimento do cumprimento do período medio de pagamento, o que estase a realizar a través deste informe.

Durante o 2017 un dos elementos que incidiu negativamente no PMP foron os problemas de medios persoais no Departamento de Intervención. Así mesmo, considero fundamental regularizar o



cumprimento dos prazos na xestión orzamentaria, especialmente, na aprobación da liquidación do orzamento. Isto permitirá, entre outros, anticipar a aplicación do superávit orzamentario que, de destinarse ao financiamento dos gastos incluídos na conta 413 a 31 de decembro, permitirá ter máis dotación orzamentaria para estes gastos pendentes de aplicar e non anticipar créditos orzamentarios previstos para gastos de 2018 que se ven substancialmente minorados. Dado que as actuacións programadas seguen realizándose aínda sen cobertura orzamentaria, prodúcense atrasos considerables na tramitación das facturas.

Outro elemento indispensable é a disciplina no control do orzamento dos diferentes órganos xestores que non deberían acometer gastos cando non existe crédito orzamentario suficiente para elo.

### 3.4 DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO

#### 1. Mantemento na situación de equilibrio orzamentario

As magnitudes que reflicte a situación de déficit ou superávit orzamentario son, con carácter fluxo e anual, o resultado orzamentario (derivado da xestión do orzamento corrente) e o remanente de tesourería para gastos xerais (acumulación dos resultados orzamentarios do exercicio corrente e dos pechados).

En ambos casos, os valores que arrojan son positivos. Non obstante, co fin de reflectir unha imaxe o máis fiel posible da realidade económica da entidade, é necesario completar esa información con outra non orzamentaria, fundamentalmente a dos gastos pendentes de aplicación orzamentaria, a conta (413).

RO axustado	1.170.473,18
Obrigas pendentes de aplicar nacidas en 2017 (413)	306.076,69
RO axustado – Obrigas (413)	864.396,49

Neste caso, o resultado orzamentario reduciríase de 1.170.473,18 € ata 864.396,49 € pola incidencia das obrigas pendentes de aplicación orzamentaria nacidas no 2017 (306.067,69 €), aínda que segue a ser un dato positivo. O que explica que se dean á vez a situación de superávit orzamentario e de facturas pendentes de aplicación orzamentaria son dous elementos:

- A imposibilidade material da tramitación administrativa das facturas, especialmente as que se reciben no mes de decembro. Este motivo non explica un importe considerable como o de 2017 (306.076,69 €), xa que non todas esas facturas se recibiron a final de ano.
- O carácter limitativo dos créditos orzamentarios a nivel cuantitativo e cualitativo, que ocasiona que pode haber vinculacións xurídicas que queden sen executar, mentres outras resultan deficitarias. O réxime orzamentario é nese aspecto máis restritivo que a contabilidade privada que ten en conta ingresos e gastos no seu conxunto, sen introducir especialidades en función do destino do gasto (programas de gasto) que limitan o gasto executable para os diferentes servizos públicos.

Co remanente de tesouraría para gastos xerais ocorre algo similar, non obstante, o seu valor é positivo.

Remanente de tª gastos xerais	1.118.939,30
Saldo (413)	324.588,83
Rtgx – (413)	794.350,47

## 2. Débeda comercial

A sostibilidade da débeda comercial empeorou nos últimos anos á vista da evolución do período medio do pagamento. Isto supón a obriga de elaborar un Plan de tesourería, de acordo co artigo 16.6 LOEOSF; non obstante, o principal problema é o atraso na tramitación das facturas. Como medidas urxentes: os departamentos económicos (Tesourería e Intervención) deberán acometer medidas organizativas para posibilitar que os datos necesarios para o peche contable estean en tempo para o cumprimento dos prazos. Así, a aplicación do superávit orzamentario, no caso de que haxa que aplicalo aos gastos da conta (413) poidan facerse o máis axiña posible para non atrasar os pagamentos a provedores e permitir que o orzamento de 2018 se execute coa maior normalidade posible. Por outra parte, a disciplina na execución no gasto por parte dos órganos xestores é imprescindible.

## 3. Destino do superávit orzamentario en termos SEC

Como xa se indicou anteriormente, o superávit orzamentario que hai que aplicar é o importe da capacidade de financiamento (748.018,24 €), que é inferior ao importe do remanente de tesourería para gastos xerais (1.118.939,30 €). Tendo en conta a DA 6ª da LOEOSF, a capacidade de financiamento pode adicarse aos gastos incluídos na conta (413), que non estiveran subvencionados, xa que neste caso, terían un financiamento específico. Deberase cuantificar e, de non esgotarse o dito importe, o resto debería financiar unha redución de endebedamento financiando unha amortización anticipada da operación de préstamo máis custosa.

## 4. Vixencia ou non do Plan de Axuste 2012-22

Como xa vimos, as dúas operacións de préstamo que foran formalizadas co FFPP no marco do mecanismo do pagamento aos provedores, ou están canceladas ou refinanciadas e con outra entidades financeira, diferente do antedito fondo. Non obstante para entender sen vixencia o Plan de Axuste, deben cumprirse os seguintes requisitos:

- Non ter ningunha operación de endebedamento co FFPP
- Cumprir o obxectivo de estabilidade orzamentaria
- Cumprir o límite de débeda financeira establecido nos artigos 51 e 53 do TRLFL
- Cumprir o obxectivo da regra de gasto
- Cumprir o límite do período medio de pagamento (PMP) de 30 días

A estes efectos, o artigo 3 do Real Decreto-lei 8/2014 establecía o seguinte en canto ao refinanciamento dos préstamos co FFPP:

*“4. Se a entidade local cumplise no exercicio 2013 co límite de débeda establecido nos artigos 51 e 53 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto, e o seu*

**período medio de pago aos provedores, calculado coa metodoloxía básica establecida, non excede do prazo máximo establecido na normativa sobre a morosidade, poderá formalizar a nova operación. Se a entidade local cancela totalmente os préstamos formalizados co Fondo para o Financiamento dos Pagos aos Provedores quedará sen vixencia o plan de axuste aprobado e que posibilitou a súa concertación. Se non se cancelaran totalmente os ditos préstamos os plans de axuste manterán a súa vixencia e o procedemento de seguimento da súa execución ao que estiveran suxeitos.**

**4. Se a entidade local non cumprise no exercicio 2013 con algún dos límites ou regras citadas no apartado 4 anterior, poderá formalizar a nova operación de endebedamento, pero o plan de axuste aprobado manterá a súa vixencia, aínda que se cancelen totalmente os préstamos formalizados co Fondo para o Financiamento dos Pagos aos Provedores”.**

Polo tanto, actualmente, o Plan de Axuste 2012-22 aínda mantén a súa vixencia por non cumprir os obxectivos da regra de gasto e do PMP:

Magnitude	Liquidación 2017
Préstamos co FFPP cancelados	Si
Estabilidade orzamentaria	Si
Regra de gasto	Si
Nivel de endebedamento	Si
PMP	Non

### 3.5 PROCEDEMENTO

- Corresponderalle ao alcalde, tras este informe de Intervención, a aprobación da liquidación
- Unha vez aprobada a liquidación, daráselle conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre
- Deberáselle remitir unha copia da liquidación ao Estado e á Comunidade Autónoma

## 4. CONCLUSIÓNS

### 4.1 Procedemento

O contido do expediente reúne os requisitos do TRLFL. Hai que poñer de manifesto que esta liquidación elaborouse cun atraso demasiado importante con respecto dos prazos legais (31 de marzo). As causas radican nos motivos indicados relativos aos medios humanos e acumulación de tarefas.

### 4.2 De carácter económico e orzamentario: Medidas propostas

Á vista do exposto, as medidas que se deben aplicar son as destinadas a manter o superávit orzamentario, sendo os dous elementos imprescindibles:

- Na fase de elaboración do orzamento: débese levar a cabo unha estimación prudente dos ingresos nesta fase.
- Na fase de execución do orzamento: manter unha xestión baseada na disciplina orzamentaria.

- Decisións dos órganos políticos: considero preciso destacar que as decisións deberán ter en conta o respecto aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e, moi especialmente, sostibilidade financeira.

Este é o meu informe sen prexuízo doutra opinión superior en dereito ou no aspecto económico-orzamentario.

Rianxo, 19 de outubro de 2018

A interventora, Patricia Fernández Pérez

Orz = orzamento

Liq = liquidación

PI = previsións iniciais do estado de ingresos do orzamento

PD = previsións definitivas de ingresos do estado de ingresos do orzamento

DRB = dereitos recoñecidos brutos do estado de ingresos do orzamento

DRN = dereitos recoñecidos netos do estado de ingresos do orzamento

DII = devolución de ingresos indebidos

CI = créditos iniciais do estado de gastos do orzamento

CD = créditos definitivos do estado de gastos do orzamento

ORN = obrigas recoñecidas netas do estado de gastos do orzamento

Prog. = Programa de gasto

Eco. = Económico

ICIO = Imposto sobre construcións, instalacións e obras

IBI = Imposto sobre bens inmobles

IVTM = Imposto sobre os vehículos de tracción mecánica

IAE = Imposto de actividades económicas

RSU = residuos sólidos urbanos

PIE = Participación nos Ingresos do Estado

FCL = Fondo de Cooperación Local

Pax = Plan de Axuste 2012-22

Ortgx = obrigas recoñecidas financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais

RO = resultado orzamentario

Roax = resultado orzamentario axustado

Rtgx = remanente de tesourería para gastos xerais

Df = desviación de financiamento do exercicio

Ata = anualidade teórica de amortización

FFPP = Fondo de Financiamento dos Pagos a Provedores

PMP = período medio de pago

IPA = ingresos pendentes de aplicación

PPA = pagamentos pendentes de aplicación

IFS = investimentos financeiramente sostibles

## ANEXO 1

**Detalle das obrigas recoñecidas e financiadas coa modificación orzamentaria “Crédito extraordinario 1/2017” para a aplicación do superávit orzamentario**

Importe da modificación: 807.609,64 €

Aplicación orzam	CE	ADO	K	CRR
2017 011 91300	228.841,79	228.841,79	228.841,79	
2017 130 21300	294,05	294,05		294,05
2017 130 21400	1.965,74	1.965,74		1.965,74
2017 130 22000	146,00	146,00		146,00
2017 130 22002	11,95	11,95		11,95
2017 130 22103	961,79	961,79		961,79
2017 130 22104	1.746,03	1.746,03		1.746,03
2017 130 22111	2.109,61	2.109,61		2.109,61
2017 130 22112	17,54	17,54		17,54
2017 130 22199	14,69	14,69		14,69
2017 130 22201	13,58	13,58		13,58
2017 132 22199	649,91	649,91		649,91
2017 132 22200	194,06	194,06		194,06
2017 133 21300	608,42	608,42		608,42
2017 133 22200	492,76	492,76		492,76
2017 133 22799	196,63	196,63		196,63
2017 133 60900	1.514,92	1.514,92	1.514,92	
2017 134 22103	137,28	137,28		137,28
2017 135 22000	29,40	29,40		29,40
2017 135 22002	92,96	92,96		92,96
2017 135 22103	181,82	181,82		181,82
2017 135 22104	41,00	41,00		41,00
2017 135 22111	511,85	511,85		511,85
2017 135 22114	139,50	139,50		139,50
2017 135 22199	489,58	489,58		489,58
2017 135 22200	602,48	602,48		602,48
2017 135 62500	860,00	860,00	860,00	
2017 136 22103	314,30	314,30		314,30
2017 136 22111	22,63	22,63		22,63
2017 151 21300	469,63	469,63		469,63
2017 151 22606	2.205,19	2.205,19		2.205,19
2017 1522 20300	716,74	716,74		716,74
2017 1522 20800	183,92	183,92		183,92

2017	1522 21300	76,88	76,88		76,88
2017	1522 22100	106,89	106,89		106,89
2017	1522 22101	7,86	7,86		7,86
2017	1522 22199	342,31	342,31		342,31
2017	1522 22200	671,61	671,61		671,61
2017	1522 22602	538,45	538,45		538,45
2017	1522 22606	148,00	148,00		148,00
2017	1522 63200	1.870,00	1.870,00	1.870,00	
2017	1532 20300	348,90	348,90		348,90
2017	1532 21000	13.524,15	13.524,15		13.524,15
2017	1532 22114	8.997,24	8.997,24		8.997,24
2017	1532 22199	11,49	11,49		11,49
2017	1532 60900	636,16	636,16	636,16	
2017	1532 61900	38.956,15	38.956,15	38.956,15	
2017	160 21300	9.830,09	9.830,09		9.830,09
2017	160 22100	1.529,76	1.529,76		1.529,76
2017	160 22706	1.815,00	1.815,00		1.815,00
2017	160 47200	2.792,38	2.792,38		2.792,38
2017	160 63300	3.061,51	3.061,51	3.061,51	
2017	161 21300	1.567,24	1.567,24		1.567,24
2017	161 22101	5.263,91	5.110,83		5.110,83
2017	161 47200	2.221,10	2.041,73		2.041,73
2017	161 63300	414,66	414,66	414,66	
2017	1621 20900	15.181,78	15.181,78		15.181,78
2017	1621 22114	890,90	890,90		890,90
2017	1621 22300	3.223,26	3.223,26		3.223,26
2017	1621 62900	1.936,00	1.936,00	1.936,00	
2017	1622 22100	210,94	210,94		210,94
2017	1622 22794	2.696,34	2.696,34		2.696,34
2017	1623 22795	39.540,60	39.540,60		39.540,60

2017	163 22103	108,24	108,24		108,24
2017	163 22700	7.718,32	7.718,32		7.718,32
2017	164 22100	50,44	50,44		50,44
2017	164 22101	830,04	830,04		830,04
2017	165 21300	14.541,73	14.541,73		14.541,73
2017	165 22100	65.753,81	65.753,81		65.753,81
2017	165 60900	1.928,27	1.928,27	1.928,27	
2017	165 61900	793,98	793,98	793,98	
2017	171 20300	1.633,50	1.633,50		1.633,50
2017	171 21000	292,21	292,21		292,21
2017	171 21300	1.032,83	1.032,83		1.032,83
2017	171 21900	2.421,06	2.421,06		2.421,06
2017	171 22103	419,26	419,26		419,26
2017	171 22104	15,40	15,40		15,40
2017	171 22106	325,88	325,88		325,88
2017	171 22111	623,21	623,21		623,21
2017	171 22112	60,98	60,98		60,98
2017	171 22114	22,20	22,20		22,20
2017	171 22199	10,99	10,99		10,99
2017	1722 21900	210,54	210,54		210,54
2017	1722 22104	86,30	86,30		86,30
2017	1722 22110	12,73	12,73		12,73
2017	1722 22606	250,00	250,00		250,00
2017	231 21300	349,07	349,07		349,07
2017	231 22100	127,16	127,16		127,16
2017	231 22101	65,79	65,79		65,79
2017	231 22199	2,50	2,50		2,50
2017	231 22602	65,00	65,00		65,00
2017	231 22606	142,17	142,17		142,17
2017	231 22706	9.075,00	0,00		0,00
2017	231 22799	41.750,19	41.750,19		41.750,19
2017	241 20300	281,25	281,25		281,25
2017	241 22114	36,32	36,32		36,32
2017	241 22200	78,58	78,58		78,58
2017	311 22199	363,97	363,97		363,97
2017	311 22797	243,84	243,84		243,84
2017	311 22799	9.641,58	9.641,58		9.641,58
2017	311 60900	121,00	121,00	121,00	
2017	312 21200	14.895,10	14.895,10		14.895,10



2017	312 21300	26,62	26,62		26,62
2017	312 22100	522,26	522,26		522,26
2017	312 22799	3.102,44	3.102,44		3.102,44
2017	323 21200	755,04	755,04		755,04
2017	323 21300	253,44	253,44		253,44
2017	323 22100	7.686,49	7.686,49		7.686,49
2017	323 22101	2.971,52	2.971,52		2.971,52
2017	323 22110	637,90	637,90		637,90
2017	323 22111	418,09	418,09		418,09
2017	323 22112	38,05	38,05		38,05
2017	323 22114	1.562,46	1.562,46		1.562,46
2017	323 22200	70,60	70,60		70,60
2017	323 63200	1.420,64	1.420,64	1.420,64	
2017	3321 21300	12,26	12,26		12,26
2017	3321 22100	388,24	388,24		388,24
2017	3321 22101	14,53	14,53		14,53
2017	3321 22200	524,81	524,81		524,81
2017	3321 22201	28,21	0,00		0,00
2017	3321 22609	310,00	310,00		310,00
2017	3321 62902	1.472,05	1.472,05	1.472,05	
2017	333 21300	326,09	326,09		326,09
2017	333 22100	510,28	510,28		510,28
2017	333 22101	9,60	9,60		9,60
2017	334 21300	1.577,34	1.577,34		1.577,34
2017	334 22000	130,65	130,65		130,65
2017	334 22001	457,17	457,17		457,17
2017	334 22100	5.861,37	5.861,37		5.861,37
2017	334 22101	64,68	64,48		64,48
2017	334 22103	1.815,00	1.815,00		1.815,00
2017	334 22111	42,19	42,19		42,19
2017	334 22112	20,00	20,00		20,00
2017	334 22114	42,91	42,91		42,91
2017	334 22199	163,91	163,91		163,91
2017	334 22200	87,52	87,52		87,52
2017	334 22602	502,15	502,15		502,15
2017	334 22609	12.953,80	12.953,80		12.953,80
2017	334 22699	1.161,00	1.161,00		1.161,00
2017	334 22706	2.178,00	2.178,00		2.178,00

2017	334 22799	14.520,00	14.520,00		14.520,00
2017	334 62900	17.154,90	17.154,90	17.154,90	
2017	336 60900	11.076,34	11.076,34	11.076,34	
2017	338 22105	491,54	491,54		491,54
2017	338 22111	443,56	443,56		443,56
2017	338 22602	1.880,00	1.880,00		1.880,00
2017	338 22609	15.122,61	15.122,61		15.122,61
2017	341 21300	642,40	642,40		642,40
2017	341 22000	156,76	156,76		156,76
2017	341 22100	189,89	189,89		189,89
2017	341 22101	404,28	404,28		404,28
2017	341 22110	75,18	75,18		75,18
2017	341 22114	11,20	11,20		11,20
2017	341 22199	1.285,80	1.285,80		1.285,80
2017	341 22602	121,00	121,00		121,00
2017	341 22606	300,00	300,00		300,00
2017	341 22609	2.558,17	2.558,17		2.558,17
2017	341 22699	200,00	200,00		200,00
2017	342 21200	321,86	321,86		321,86
2017	342 21300	1.302,18	1.302,18		1.302,18
2017	342 22100	6.807,11	6.807,11		6.807,11
2017	342 22101	67,27	67,27		67,27
2017	342 22103	1.260,00	1.260,00		1.260,00
2017	342 22111	52,20	52,20		52,20
2017	342 22112	190,46	190,46		190,46
2017	342 22114	312,36	312,36		312,36
2017	342 22199	1.203,23	203,23		203,23
2017	342 22200	26,50	26,50		26,50
2017	415 22609	181,50	181,50		181,50
2017	4312 21200	216,35	216,35		216,35
2017	4312 22101	99,46	99,46		99,46
2017	432 22602	7.804,50	7.804,50		7.804,50
2017	433 22114	100,19	100,19		100,19
2017	453 22110	4,54	4,54		4,54
2017	453 22111	125,11	125,11		125,11
2017	453 22114	6,96	6,96		6,96
2017	453 60900	7.931,55	7.931,55	7.931,55	
2017	454 21000	537,46	537,46		537,46
2017	454 22103	196,23	196,23		196,23
2017	454 22114	8.020,51	8.020,51		8.020,51

2017	454 22300	338,38	338,38		338,38
2017	454 61900	1.778,70	1.778,70	1.778,70	
2017	912 22601	4.016,90	4.016,90		4.016,90
2017	9201 21300	763,74	763,74		763,74
2017	9201 21600	127,52	127,52		127,52
2017	9201 22000	459,53	459,53		459,53
2017	9201 22100	404,47	404,47		404,47
2017	9201 22101	185,31	185,31		185,31
2017	9201 22110	123,30	123,30		123,30
2017	9201 22112	106,84	106,84		106,84
2017	9201 22114	208,33	208,33		208,33
2017	9201 22199	70,79	70,79		70,79
2017	9201 22200	3.245,09	3.245,09		3.245,09
2017	9201 22201	2.342,99	2.342,99		2.342,99
2017	9201 22202	117,87	117,87		117,87
2017	9201 22602	8.615,20	8.615,20		8.615,20
2017	9201 22604	19.712,84	18.782,24		18.782,24
2017	9201 22799	2.980,29	2.980,29		2.980,29
2017	9201 62900	199,00	199,00	199,00	
2017	9201 63200	1.001,88	1.001,88	1.001,88	
2017	9201 64800	1.674,60	1.674,60	1.674,60	
2017	9202 21300	13,66	13,66		13,66
2017	9202 22100	258,72	258,72		258,72
2017	9202 22101	44,58	44,58		44,58
2017	9202 22200	523,45	523,45		523,45
2017	9203 20300	21,78	21,78		21,78
2017	9203 21300	195,39	195,39		195,39
2017	9203 21900	366,23	366,23		366,23

2017	9203 22103	6.705,52	6.705,52		6.705,52
2017	9203 22104	1.175,41	1.175,41		1.175,41
2017	9203 22110	167,59	167,59		167,59
2017	9203 22111	1.510,73	1.510,73		1.510,73
2017	9203 22112	19,80	19,80		19,80
2017	9203 22114	1.244,38	1.244,38		1.244,38
2017	9203 22199	110,15	110,15		110,15
2017	924 22706	9.982,50	9.982,50		9.982,50
2017	931 22000	543,39	543,39		543,39
2017	932 21300	68,28	68,28		68,28
2017	932 22001	289,56	289,56		289,56
2017	932 22100	255,33	255,53		255,53
2017	932 22101	11,05	11,05		11,05
2017	932 22602	358,16	358,16		358,16
2017	932 22709	180,19	358,16		358,16
<b>Total</b>		<b>807.609,64</b>	<b>796.421,35</b>	<b>324.644,10</b>	<b>471.777,25</b>

Aplicación orzam: aplicación orzamentaria  
 CE: crédito extraordinario  
 ADO: obrigas recoñecidas  
 K: obrigas recoñecidas relativas a gastos de capital  
 CRR: obrigas recoñecidas relativas a gasto corrente

## ANEXO 2

### Detalle das obrigas recoñecidas e financiadas coa modificación orzamentaria “Crédito extraordinario 2/2017” financiada con remanente de tesourería para gastos xerais

Importe total da modificación: 52.493,55 €

Aplicación orzam.	Importe	ADO	K	CRR
2017 130 22199	61,40	61,40		61,40
2017 130 22699	90,75	90,75		90,75
2017 130 22799	22,00	22,00		22,00
2017 133 22103	17,57	17,57		17,57
2017 133 22112	2,00	2,00		2,00
2017 133 60900	363,00	363,00	363,00	
2017 135 21400	238,01	238,01		238,01
2017 135 22103	150,00	150,00		150,00

2017	135 22114	46,49	46,49		46,49
2017	1522 22200	57,09	57,09		57,09
2017	1532 22114	281,81	281,81		281,81
2017	1532 61900	653,40	653,40	653,40	
2017	160 22100	400,23	400,23		400,23
2017	165 21300	3.589,61	3.589,61		3.589,61
2017	165 22100	190,41	190,41		190,41
2017	171 21000	943,80	943,80		943,80
2017	171 22111	96,84	96,84		96,84
2017	171 22114	90,13	90,13		90,13
2017	171 22799	211,75	211,75		211,75
2017	171 61900	871,20	871,20	871,20	
2017	231 22100	606,11	606,11		606,11
2017	231 22104	191,58	191,58		191,58
2017	231 22606	416,26	416,26		416,26
2017	231 22609	3.630,36	3.630,36		3.630,36
2017	241 22606	835,00	835,00		835,00
2017	311 22797	243,84	243,84		243,84
2017	312 21200	72,76	72,76		72,76
2017	312 21300	122,72	122,72		122,72
2017	323 21200	43,66	43,66		43,66
2017	323 22114	1.538,06	1.538,06		1.538,06
2017	3321 22111	13,13	13,13		13,13
2017	3321 22112	126,25	126,25		126,25
2017	3321 22199	1,20	1,20		1,20
2017	3321 22609	325,01	325,01		325,01
2017	334 22111	44,72	44,72		44,72
2017	334 22300	385,00	385,00		385,00
2017	334 22609	6.147,60	6.147,60		6.147,60
2017	334 22699	141,40	141,40		141,40
2017	334 22706	4.235,00	4.235,00		4.235,00
2017	334 22799	750,20	750,20		750,20
2017	338 22114	69,01	69,01		69,01
2017	338 22602	2.178,00	2.178,00		2.178,00
2017	338 22609	718,15	718,15		718,15
2017	341 22199	325,15	325,15		325,15
2017	341 22609	3.876,80	3.876,80		3.876,80
2017	342 21200	96,80	96,80		96,80

2017	342 22100	278,18	278,18		278,18
2017	342 22101	107,23	107,23		107,23
2017	342 22111	191,42	191,42		191,42
2017	342 22699	5,26	5,26		5,26
2017	432 22706	2.117,50	2.117,50		2.117,50
2017	453 22199	68,97	68,97		68,97
2017	454 22114	236,71	236,71		236,71
2017	912 22601	503,40	503,40		503,40
2017	9201 22104	393,88	393,88		393,88
2017	9201 22799	1.772,46	1.772,46		1.772,46
2017	9202 22111	2,50	2,50		2,50
2017	9202 22112	3,19	3,19		3,19
2017	9203 21000	95,36	95,36		95,36
2017	9203 21400	1.317,46	1.317,46		1.317,46
2017	9203 22104	52,80	52,80		52,80
2017	9203 22111	83,79	83,79		83,79
2017	9203 22114	2.913,99	2.913,99		2.913,99
2017	9203 22199	3,19	3,19		3,19
2017	933 61900	6.216,50	6.216,50	6.216,50	
2017	933 63200	618,50	618,50	618,50	
<b>Total</b>		<b>52.493,55</b>	<b>52.493,55</b>	<b>8.722,60</b>	<b>43.770,95</b>

## ANEXO 3

**Detalle das obrigas recoñecidas e financiadas coa modificación orzamentaria “Suplemento de crédito 1/2017” financiada con remanente de tesourería para gastos xerais**

Importe total da modificación: 220.420,51 €

Aplicación orzam.	Importe	ADO
2017 130 13101	537,95	537,95
2017 130 15000	468,28	468,27
2017 130 15100	11.602,25	11.513,07
2017 231 13101	275,65	275,65
2017 231 15000	542,83	542,83
2017 241 15000	391,06	391,06
2017 241 22114	9.587,06	9.120,61

2017	241 22706	199,05	665,50
2017	311 22799	60.308,96	60.308,96
2017	326 13101	709,20	709,20
2017	334 13001	1.333,51	1.333,51
2017	334 13101	3.008,26	3.008,26
2017	334 22799	18.900,20	18.900,20
2017	338 22609	19.743,22	19.743,22
2017	341 13101	4.387,62	4.300,79
2017	341 15000	473,09	473,09
2017	341 15100	294,93	294,93
2017	341 22609	27.917,28	27.367,28
2017	432 13101	381,18	381,18
2017	454 21000	50.154,32	50.154,32
2017	9201 15000	3.254,87	3.254,87
2017	9203 15000	663,72	262,63
2017	931 13101	726,82	726,82
2017	931 15000	52,47	22,49
2017	931 15100	2.594,37	2.594,37
2017	934 13101	90,53	90,53
2017	934 15100	1.821,83	1.821,83
		<b>220.420,51</b>	<b>219.263,42</b>